

**DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO
DO CONCELLO
DO PORRIÑO**

Abril de 2006

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	4
1.1	Metodoloxía.....	4
1.2	Apuntamento histórico	5
2	ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO	6
2.1	Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra	6
2.2	Estrutura parroquial	7
2.3	Entidades de poboación	8
3	RECURSOS NATURAIS	9
3.1	Solo	9
3.2	Características climáticas.....	11
A)	Precipitacións	11
B)	Temperaturas	12
C)	Amplitude térmica	13
3.3	Vexetación	14
3.4	Relevo.....	15
3.5	Ríos	16
3.6	Zonas de interese natural.....	17
4	RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO	18
4.1	Patrimonio histórico e arqueolóxico	18
4.2	Patrimonio arquitectónico	19
4.3	Patrimonio etnográfico.....	24
4.4	Recursos turísticos	27
5	ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	31
5.1	Planeamento urbanístico vixente.....	31
5.2	Infraestruturas de comunicación	31
5.3	Centros educativos.....	32
5.4	Servizos sociais	33
6	POBOACION E VIVENDA	34
6.1	Efectivos poboacionais	35
A)	Poboación segundo sexo e distribución parroquial.....	35
B)	Densidade demográfica.....	37
C)	Poboación segundo lugar de nacemento e residencia	37
D)	Poboación segundo nacionalidade	38
E)	Evolución demográfica	39
6.2	Estrutura da poboación.....	40
A)	Pirámide de poboación	40
B)	Distribución da poboación por grandes grupos de idade	41
C)	Idade media da poboación	43
D)	Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil	43



E)	Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento.....	45
6.3	Movemento natural da poboación.	47
A)	Nacementos, casamentos e defuncións.	47
B)	Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade.....	48
C)	Saldo vexetativo.....	49
6.4	Movimentos migratorios.	50
A)	Emigración.....	50
B)	Inmigración.....	53
C)	Saldo migratorio.....	55
6.5	Nivel de formación da poboación.....	57
A)	Nivel de estudos da poboación.....	58
B)	Taxa de analfabetismo.....	59
C)	Tipo de estudos da poboación.....	60
D)	Lugar de estudo da poboación.....	61
E)	Educación non universitaria.....	62
6.6	Vivenda.	63
A)	Tipo de vivenda.....	63
B)	Réxime de tenza da vivenda.....	64
C)	Principais problemas da vivenda e do contorno.....	65
D)	Residentes e tamaño medio da vivenda.....	66
7	MERCADO DE TRABALLO.....	67
7.1	Actividade.....	69
7.2	Ocupación.....	71
7.3	Desemprego.....	76
7.4	Promoción do Emprego.....	80
A)	Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego.....	81
B)	Axudas e subvencións para a creación de emprego.....	81
C)	Accións de desenvolvemento rural.....	82
8	ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.....	83
8.1	Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento.....	84
A)	Nivel de renda.....	84
B)	Outros parámetros de desenvolvemento.....	85
8.2	Sectores produtivos e actividade económica.....	88
A)	Sector primario.....	90
B)	Sector secundario.....	93
C)	Sector terciario.....	95
9	TERCEIRO SECTOR.....	101
10	DAFO XERAL DO PORRIÑO.....	103
11	PROPOSTAS E ACTUACIÓNS.....	106



1 INTRODUCCIÓN

1.1 Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello do Porriño.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello do Porriño. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementábase coa comparación dos datos obtidos



para O Porriño cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñaranse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que de identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello do Porriño, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten máis axustadas á realidade do concello.

1.2 Apuntamento histórico

Esta área xeográfica formou parte da provincia de Tui ata a división constitucional e a reforma posterior, que derivou na súa inclusión definitiva na provincia de Pontevedra. A totalidade das parroquias integrábase daquela na xurisdición do Porriño, dependente do conde de Salvaterra de Miño, agás Budiño con xurisdición propia dos veciños.

Neste territorio, nos primeiros anos do século XIX, chegaron a funcionar concellos en Mosende e O Porriño. Iniciado o proceso de constitución definitiva dos concellos actuais, no século XIX, dentro do partido xudicial de Tui, créase o concello do Porriño, integrado daquela por sete parroquias, aínda que coa mesma estrutura superficial.

Con posterioridade, en 1904, créase a parroquia de Cans, segregada da de Atios; ademais dende 1920 funciona a Entidade Local Menor de Chenlo.





2 ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

2.1 Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra

O concello do Porriño localízase no suroeste da Comunidade Autónoma de Galicia entre as coordenadas xeográficas 42° 11' 04'' 3 Norte, 42° 05' 20'' 8 Sur, 8° 34' 38'' 4 Leste e 8° 41' 48'' 6 Oeste.

Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra, situándose no centro-Oeste da mesma. O concello é cabeceira de Partido Xudicial e pertence á Diocese de Vigo-Tui (arciprestados de Entenza e A Louriña).

Limita ao Norte co concello de Mos, ao Nordeste con Pontearreas, ao Sur con Tui, ao Leste e Surleste con Salceda de Caselas e ao Oeste con Gondomar.




Presenta unha superficie de 61,2 km² ao longo da que se reparten un total de oito parroquias polas que se distribúen un total de cento vinte e dúas entidades menores de poboamento, nas que residen 16.576 habitantes de feito, o que da unha densidade de 265,94 hab./km².

O concello situase no centro Sur da Área Metropolitana de Vigo en plena Depresión Meridiana, que atravesa o concello pola súa parte central de N. a S. Presenta altitudes que van dende os 30 m. que se rexistran no fondo da Depresión aos pouco máis de 700 m. no coto das Forcadas, en plena serra do Galiñeiro.



2.2 Estrutura parroquial

A superficie do concello do Porriño estrutúrase en oito parroquias que albergan un total de 122 entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de San Salvador de Budiño, con pouco máis de 14 km², na que se asentan un total de 23 núcleos de poboación. Seguen a esta as parroquias de Santa Eulalia de Atios con 11,66 km² e 20 núcleos, San Xoán de Chenlo con 9,44 km² e 20 entidades e Santiago de Pontellas con 7,34 km² e 14 núcleos. A parroquia máis pequena é a de Santa María de Porriño, con pouco máis de 3 km² e 10 núcleos de poboación. Seguen a esta as de San Xurxo de Mosende con preto de 4,3 km² e 14 núcleos, e San Salvador de Torneiros con 4,8 km² e 10 entidades menores.



Na tipoloxía dos asentamentos pódese apreciar como as parroquias situadas máis ao S. son as que presentan un maior número de entidades menores, mentres que canto máis ao N. menos núcleos rexistran. Así, as parroquias de Santo Estevo de Budiño, Atios e Chenlo, no S. e O. do territorio, son as que rexistran un maior número de aldeas, mentres que Torneiros, O Porriño e Cans, no N. do concello, son as que menos. Non obstante, no que se refire á concentración de poboación prodúcese o fenómeno inverso, xa que nas parroquias do N. son nas que se asenta un maior número de habitantes, a excepción da de Cans que é a que menos posúe, mentres que as do S. presentan as cifras máis baixas (Chenlo e Mosende).


A pesares de que a parroquia do Porriño (Santa María) presenta unha menor extensión, a súa condición de capital municipal fai que nela se localice un maior número de habitantes, favorecido pola existencia dun relevo con poucos contrastes así como pola proximidade das principais vías de comunicación como as autovías A-55 e A-52, as estradas nacionais N-550 e N-120, e o ferrocarril. Todo isto favoreceu a localización no núcleo dun maior volume de actividades industriais e económicas, o que xerou un desprazamento de poboación cara a vila co seu conseguinte incremento de demográfico. Deste xeito, dos 16.576 habitantes, 5.176 viven nesta parroquia de pouco máis de 3 km², seguida de Torneiros con 4.013 efectivos e Atios con 2.197.



Pola contra, as parroquias de Cans, Chenlo e Mosende, son nas que residen un menor número de habitantes con 439, 549 e 834 respectivamente.

Segundo a súa densidade destacan as do Porriño, con 1.568,48 hab./km², Torneiros con 836 hab./km² e Atios con 189,3 hab./km². As que presentan unha menor densidade de ocupación son as de Chenlo (58,1 hab./km²), e Cans (66,5 hab./km²).

2.3 Entidades de poboación



As entidades menores atópanse repartidas por todo o territorio municipal, aínda que as características topográficas do mesmo fai que a meirande parte delas de asentem na parte central, onde a maior chaira e escaseza de pendentes favorece o asentamento dos núcleos de poboación como das actividades económicas.

Así, as parroquias situadas no N. do territorio son as que albergan aos núcleos cun maior número de habitantes, mentres que as do S. presentan os núcleos menos poboados e mesmo algún deshabitado.

O núcleo máis poboadado é a capital municipal, O Porriño, onde reside un total de 4.352 habitantes de feito. Seguen a maior distancia os núcleos de A Ribeira e A Relba (ambos na parroquia de Torneiros) con 1.830 e 1.425 efectivos respectivamente.

Como núcleos menos poboados, chama a atención o total despoboamento dos de Ramirás (O Porriño), A Granxa (Chenlo) e As Gándaras (San Salvador de Budiño), mentres que só 1 habitante se contabiliza no núcleo de Casal (Mosende), 6 en Vilar e 7 en Tosar (ambos na parroquia de Chenlo) e 8 en Toural (San Salvador de Budiño).



3 RECURSOS NATURAIS

3.1 Solo

Na meirande parte do concello do Porriño dominan os solos de tipo granítico, sobresaíndo os granitos de dúas micas (materiais que na súa formación sufriron, cando menos, un proceso metamórfico e dúas deformacións que variaron o proceso orixinal da rocha).


Os solos da zona SO do concello están formados por granitos de dúas micas pouco deformados, que presentan diferentes facies (granitos equigranulares de grao medio a grosso, granitos pófidicos, granitos equigranulares de grao medio a fino, e granitos moxcovíticos) que non se poden diferenciar xa que se atopan mesturadas unhas con outras así como coa cobertura

vexetal. A metade O. está ocupada por Serpentinitas, metabasitas e metavulcanitas ácidas. (Metasedimentos setentrionais), con maior presenza dos paraneises con plaxioclasa e biotita, que se caracteriza por presentar cristais de ata 5 mm. de diámetro, cunha serie de inclusións minerais entre as que destaca o cuarzo, a biotita e os granates, estes últimos moi corroídos e pouco alterados.


A zona centro L do territorio é ocupada de N a S por conglomerados, gravas, areniscas, areas, limos e arxilas, froito da influencia que o río Louro exerce sobre esta parte do territorio. Son solos de formación recente, do Cuaternario, presentando terrazas cunha profundidade que varía dos 10 ata os 70 m.

Nunha pequena banda situada no SL do territorio, cunha dirección SL-NO, tan só cortada polos solos de terraza, dominan as areniscas silíceas e arxilas. Son depósitos coluviais formados tamén no Cuaternario e constituídos por un conxunto de areas, limos e cantos graníticos con estrutura caótica e xeralmente con baixo grao de compactación.

O L do territorio aséntase sobre granitoides bióticos, sobresaíndo a granodiorita precoz no extremo L e o granito inequigranular de grao grosso máis cara ao interior.



No que se refire aos usos do solo, a maior parte da superficie do concello do Porriño é ocupada por formacións boscosas de especies foráneas, sobresaíndo os bosques mixtos de eucalipto e piñeiro, por cultivos anuais nos que predomina o viñado, e sobre todo chama a atención a acción antrópica sobre o territorio. Pola contra a presenza das especies autóctonas a penas ten importancia, aparecendo en forma de bosques mixtos nas ribeiras dos cursos fluviais, principalmente no río Louro.



A maior parte do territorio que conforma este concello está ocupado por bosques mixtos de eucaliptos e piñeiros e por cultivos anuais nos que sobresaen os destinados a viñedos. Ambos os dous usos atópanse repartidos por toda a superficie municipal, aínda que son máis frecuentes canto máis nos afastamos do fondo do val do Louro e comezamos a ascender cara os seus rebordos. Neste senso, pódese apreciar como en ambas as dúas ladeiras predomina unha primeira franxa ocupada maioritariamente polos cultivos anuais en maioría viñedos, mentres que a franxa máis afastada é ocupada por superficies boscosas de piñeiros e eucaliptos.

Nos extremos SO e L existen amplas superficies ocupadas por mato pastoreo, mentres que os prados a penas teñen presenza no territorio.

Non obstante, o que máis chama a atención é a parte central do concello onde se mestura unha ampla variedade de usos, resaltando a influencia antrópica na modificación dos solo. Así, pódese apreciar como existe unha franxa que leva unha dirección N-S, paralela ao curso do río Louro, onde aínda perduran algunhas especies autóctonas, sobre todo vexetación de ribeira, aínda que formando bosques mixtos cos eucaliptos e os piñeiros. Pero o que máis chama a atención é a influencia da acción humana sobre esta parte do territorio, onde a súa chaira foi aproveitada para a localización da maior parte dos habitantes deste municipio así como das principais actividades económicas e vías de comunicación. Así, no N existe unha ampla superficie destinada a uso residencial, onde a concentración de poboación levou a unha maior densidade construtiva e a que moitos núcleos se unisen. Esta superficie correspóndese con boa parte da parroquia do Porriño, a máis poboada do concello e onde se sitúa a capital municipal. Unida a esta aparece unha zona na que se mesturan as actividades industriais con zonas de asentamento de poboación, localizándose maioritariamente no NO da parroquia de Atios. Non obstante, o que destaca é a superficie que abarca o solo destinado a



zonas industriais, comerciais e de servizos, que practicamente forma unha liña continua que case chega a ocupar toda a parte central do territorio de N. a S., unicamente interrompida por pequenas masas boscosas. Neste senso, deixase notar a importancia que no concello ten a industria, cun amplo número de actividades e empresas. A parroquia máis afectada polo masiva concentración de actividades económicas é a de San Salvador de Budiño, aínda que tamén se deixa notar nas de Atios, Torneiros e Pontellas.

Tamén chama a atención a superficie destinada a explotacións mineiras a ceo aberto, onde o concello de Porriño é un dos principais exportadores de granito do mundo, sobresaíndo a extensión que ocupa na parroquia de Atios, e que se prolonga ata a de Budiño, así como tamén se poden atopar outras explotacións de moito menor entidade nas de Pontellas e O Porriño.

3.2 Características climáticas

A localización xeográfica do Porriño, entre a Depresión Meridiana e o Baixo Miño, fai que dispoña dun dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival. As temperaturas son suaves durante todo o ano cunha media que supera na maior parte do territorio os 15°C, agás nas zonas máis elevadas dos extremos L.e O. onde esta é de pouco máis de 14°C. As precipitacións tamén son frecuentes e abondosas ao longo do ano, agás nos meses de verán, cun total que rolda os 1.600 mm. A zona centro do concello, correspondente ao paso da Depresión Meridiana, pode ser considerada como a máis benigna en canto os puntos nos que a oscilación térmica é máis baixa, cunha temperatura máis elevada e unha precipitación menor.

A) Precipitacións

A situación do concello do Porriño e as características do seu relevo fan que as precipitacións vaian aumentando o seu volume a medida que aumentas a altitude do terreo.

Ao longo do ano, a precipitación total recollida no municipio varía entre uns valores mínimos de 1.300 mm. ao ano, na súa parte central, ata uns máximos que se aproximan aos 2.000 mm no extremo O. do territorio.


Así, toda a zona central, nunha franxa que vai de N.a S., presenta uns volumes de choiva recollida que roldan os 1.300 mm. O paso da Depresión Meridiana por esta zona deixa un relevo con formas chás e poucos contrastes, polo que afecta de maneira directa á cantidade de auga de choiva recollida. A medida que nos diriximos cara os rebordos da Depresión, a altitude do terreo vai aumentando de maneira progresiva, o que xera un aumento das precipitacións ata acadar uns valores totais de preto de 1.600 mm ao ano, afectando principalmente ao L. das parroquias de Budiño, Atios e Cans, ao O. das de Torneiros, Pontellas e Mosende, e á práctica totalidade da de Chenlo.



A presenza da serra do Galiñeiro ao O., coas maiores altitudes do territorio, fai que aumente neste espazo a cantidade de choiva recollida, acadando valores próximos aos 1.800 mm. no NO. e SO. da parroquia de Chenlo, e mesmo chegando a superar os 1.900 mm. no extremo NL. da mesma nos cumios máis elevados.

Deste xeito, as características topográficas, xunto coa localización xeográfica do concello, semellan ser o principal factor que inflúe no volume de precipitacións recollidas, aumentando a súa cantidade a medida que o terreo aumenta en altitude, namentres que na zona central, onde predominan as formas planas, a auga de choiva recollida é inferior.

Por estacións, a época de maior pluviosidade é o outono, seguido do inverno, sendo os meses de novembro e decembro os máis chuviosos con totais que roldan os 300 mm. Pola contra, a época estival é na que se rexistran os valores máis baixos, sendo os meses de xullo e agosto os máis cálidos con medias que superan os 20°C, seguido moi de preto polo de setembro e xuño, o que xera un déficit hídrico durante todo o verán.




B) Temperaturas

A temperatura media do concello do Porriño, tal e como ocorre coas precipitacións, está influenciada pola progresiva elevación do relevo, polo que o seu valor vai descendendo a medida que o relevo aumenta a súa altitude.

A temperatura media anual da maior parte do concello está por riba dos 15°C, aínda que sofre leves variacións. Así, no extremo L. (nas parroquias de Atios e Cans) e nunha pequena franxa que percorre o NL. de Pontellas e Mosende e o centro Chenlo, cunha dirección N.-S., a temperatura media baixa lixeiramente, sendo esta de entre 14 e 15°C. O factor principal do descenso das temperaturas é a progresiva elevación do relevo, así como a pendente que presenta en determinados puntos. Soamente no extremo O. do concello, esta temperatura descende ata valores medios que a penas superan os 13°C., coincidindo coas máximas elevacións do territorio.






Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada superando lixeiramente os 20°C., seguido da primavera cunha media que rolda os 18°C. Pola contra, o inverno é a época que presenta as temperaturas máis baixas rolando os 12°C. na parte central, descendendo ata os 10°C de media nas zonas máis elevadas. Os meses máis calorosos son os de xuño e agosto nos que se superan os 20°C., seguido de setembro con medias que superan os 20°C na meirande parte do territorio agás no rebordos da Depresión Meridiana, nas zonas máis elevadas, onde non se chega aos 19°C. Pola contra, o mes máis frío é o de xaneiro, onde as temperaturas van dos pouco máis de 8°C. das zonas máis baixas aos escasamente 6°C. das máis elevadas. Segue a este febreiro e decembro con medias que roldan os 10°C.

C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual, que indica a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo do ano, presenta unha distribución semellante á das precipitacións totais e á da temperatura media. Pódese volver a ver como a proximidade ao mar e o relevo volven ser os principais factores que inflúen nos contrastes finais das temperaturas.

A maior parte do concello presenta unha amplitude térmica suave que oscila entre os 12,5°C e 13,5°C. A localización xeográfica do concello e as súas características topográficas fai que os contrastes térmicos non sexan moi acusados. Soamente nos



rebordes da Depresión Meridiana, nos extremos L e O (onde coincide coa serra do Galiñeiro) vese incrementada esta oscilación, podendo chegar ata os 14°C., froito da progresiva elevación do terreo que chega a acadar os 70 m. no O, o que repercute nun maior contraste das temperaturas.


3.3 Vexetación

No Porriño a superficie de bosque por habitante non acada a cifra de 0,5 hectáreas. Das formacións existentes sobresaen as ocupadas por especies traídas de fóra, sobre todo piñeiros, así como solos de uso agrícola e unha ampla superficie de solo improdutivo, froito da intensa ocupación humana.

No conxunto das formacións forestais destaca a maior extensión que ocupan as especies foráneas, de entre as que sobresaen o piñeiro (*Pinus pinaster*), que ocupa unha ampla extensión do territorio estendéndose por toda a súa superficie. Aparece predominantemente formando bosques en solitario, aínda que tamén pode aparecer asociado a outras especies, sendo máis frecuente que forme bosques mixtos co *Eucalyptus globulus*. Estes bosques mixtos son máis habituais no L do concellos, destacando a superficie que ocupa nas parroquias de Can e San Salvador de Budiño, aínda que cada unha das restantes tamén alberga pequenas superficies deste tipo de formación boscosa.

Os bosques de eucalipto ocupan unha área moito menor que os de piñeiro, localizándose preferentemente na zona centro S do concellos, ocupando as marxes do río Louro. O resto da superficies de eucaliptais sitúanse de maneira maioritaria na metade O, destacando a situada na parroquia de Chenlo.

Segue en importancia á superficie que abarcan os bosques de piñeiros, os solos destinados a uso agrícola, que se reparten pola meirande parte das parroquias, aínda que presentan unha maior hexemonía ao O do río Louro. Sobresaen a extensión que ocupan nas parroquias de Mosende, Pontelas, Atios e San Salvador de Budiño.



O monte desarborado aparece nas zonas máis elevadas do territorio, sendo máis frecuente atopar esta superficie nos extremos NL e SO do concello, concentrándose principalmente nas parroquias de Cans e Chenlo.

A vexetación clímax ten unha presenza moi reducida, practicamente anecdótica. Aparece vinculada á presenza do principal curso fluvial, o río Louro. Soamente no S deste se poden apreciar pequenos



redutos de vexetación autóctona, predominando as árbores de ribeira, así como algunha que outra extensión dedicada a carballos, que poden formar, nalgún caso, bosques mixtos con eucaliptos e piñeiros aínda que cunha limitada representatividade.


O que máis chama a atención na distribución das formacións forestais, é a ampla extensión de solo improdutivo que existe no concello. As características do terreo na súa parte central, predominando as formas chás con escasas pendentes, así como a proximidade ao núcleo industrial vigués, favoreceu o asentamento dun importante número de actividades industriais nesta zona, ao que lle hai que engadir a concentración de poboación neste mesmo eixo. Neste senso, sobresaen as parroquias de San Salvador de Budiño a Atios, así como a do Porriño na que ocupa a meirande parte da superficie.

A nivel xeral, a vexetación forestal do concello do Porriño está formada principalmente por especies foráneas de crecemento rápido que ocupan a práctica totalidade do concello, aparecendo en solitario ou asociadas formando bosques mixtos. As especies autóctonas limitáanse á presenza de carballeiras e vexetación de ribeira na cunca do principal curso fluvial, ocupando unha superficie moi reducida.

3.4 Relevo

O concello do Porriño localízase na confluencia entre a Depresión Meridiana e o Baixo Miño, o que lle confire na súa parte centro e S un relevo no que predominan as formas chás, mentres que a medida que avanzamos cara o exterior do territorio, ben sexa L, ou O este aumenta a súa altitude de maneira gradual.


Así, pódese apreciar como o relevo aparece marcado polo forte contraste entres as terras chás do centro do concello e as serras que o delimitan polo L e O, exemplificando claramente a convivencia entre bloques erguidos e afundidos como consecuencia da repercusión da oroxenia alpina sobre o macizo paleozoico. Os materiais que predominan nas serras son os granitos, que deron lugar ao denominado “rosa Porriño”, mentres que o fondo da Depresión Meridiana é ocupada por sedimentos Terciarios e Cuaternarios.



Con todo, o relevo pódese estruturar en tres unidades morfolóxicas lonxitudinais. Por un lado está a franxa occidental que leva unha dirección N-S coincide coa serra do Galiñeiro presentando altitudes que van dende os 400 aos 700 m. e que separan a Depresión Meridiana do val do río Miñor. A segunda unidade está formada pola Depresión Meridiana, que tamén presenta unha dirección N-S. Está cuberta totalmente por capas horizontais de sedimentos aluviais cunha profundidade media de entre 30 e 70 m., predominando a sensación de chaira. A última unidade está formada pola serra de San Cibrán, ao L do territorio, que separa a Depresión Meridiana do val do río Tea. Presenta unha dirección paralela ás unidades anteriores con altitudes que van dos 200 aos 400 m.

A parroquia que se posúe os maiores contrastes topográficos é a de Chenlo, onde se sitúan as maiores altitudes do territorio, destacando os 700 m. do coto das Forcadas. Seguen a esta as de Atios e Cans, que forman parte do rebordo occidental da serra de San Cibrán. Pola contra, as parroquias situadas no centro do municipio son as que presentan unha maior chaira do terreo, coincidindo co paso da Depresión Meridiana, facto que foi aproveitado para localizar as mellores infraestruturas de comunicacións, que transcorren paralelas a esta, así como unha maior actividade comercial e unha edificación máis densa.

3.5 Ríos



A rede hidrográfica do concello do Porriño pertence á cunca do Miño, destacando como curso fluvial máis importante o río Louro, que atravesa o territorio pola súa parte central cunha dirección N-S.

A el van verter as augas numerosos cursos fluviais de menor entidade, tendo moitos deles as súas fontes neste mesmo concello, sobre todo na vertente oriental da serra do Galiñeiro, presentando todos unha dirección NO-SL, e na Occidental de San Cibrán, con direccións NL-SO. Procedentes da serra do Galiñeiro, verten as súas augas o río da Miñoteira e os regatos de Folón, Chenlo e do Penedo. Pola marxe oriental desembocan os ríos Casavella e Couso. De entre todos sobresaie a densa rede que se distribúe por todo o L do territorio.

Do mesmo xeito, na zona central pódense atopar unha serie de áreas lacustres, coñecidas como as lagoas das Gándaras de Budiño, que sobresaen polo seu importante valor natural, ambiental e



paisaxístico, e que na actualidade se atopan ameazadas pola actividade industrial do polígono das Gándaras.

3.6 Zonas de interese natural

No concello do Porriño apenas existen espazos de interese natural. Soamente podemos atopar unha zona lacustre de importante valor natural e paisaxístico coñecida co nome de Gándaras de Budiño.


As Gándaras de Budiño, que afecta ademais aos concellos de Salceda de Caselas e Tui, ocupa unha superficie de 727 ha. e atópanse integradas dentro das Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, propostos para a Rede Natura 2000 para seren declarados LUGARES DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC). Así mesmo, atópase integrada baixo a figura das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra.

As Gándaras están incluídas dentro da Rexión Bioclimática Atlántica, presentando unha altitude media de 25 m., configurando unha zona pantanosa con importantes formacións de fraga de ribeira, tanto pola súa extensión coma polo seu estado de conservación. A vexetación acuática e de turbeiras está amplamente representada. É unha área importante para aves acuáticas, en especial anátidas, entre as que cabe salientalo charneco por ser esta a súa principal localidade de cría regular en España.

A zona das gándaras é un importante xacemento do paleolítico medio-inferior, de hai 20.000 anos, onde se atoparon bifaces, picos, fendedores, raspadores ou lascas.

A existencia destas gándaras é posible porque os substratos arxilosos impermeábeis e o perfil chan reteñen a auga que desborda o río Louro, dando lugar a diferentes ecosistemas húmidos: lagoas naturais, lagoas de orixe antrópica, depresións inundadas, zonas turbosas, prados e bosques de ribeira.

O seu hábitat está composto por augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*), Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou



Hydrocharition, uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* turbeiras de cobertor, depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*, bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*). Da flora destaca a presenza do Salgueiro (*Salix salvifolia subsp. australis*), mentres que da fauna sobresaen especies como a fulepa grande (*Acrocephalus arundinaceus*), a fulepa lixeira (*Acrocephalus scirpaceus*), o charneco (*Anas crecca*), a garza pequena (*Ixobrychus minutus*), cotovía pequena (*Lullula arborea*), o papoazul (*Luscinia svecica*), a papuxa montesa (*Sylvia undata*) e a Salamántiga (*Chioglossa lusitanica*).

Por outro lado, neste territorio sitúase o espazo protexido baixo as figuras das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra, e coñecido co nome de Penas de San Cibrán. Prolóngase polo SL da parroquia de Cans, o L da de Atios e o NL da de San Salvador de Budiño. A característica principal deste monte son os enormes bolos graníticos que posúe nas zonas máis elevadas. Bloques graníticos de xigantescas magnitudes que se atopan labrados pola acción erosiva da choiva e o vento.

4 RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO

A antigüidade do poboamento do Porriño amósase nos restos arqueolóxicos conservados como o xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño e o gravado rupestre do Monte Castelo.

Durante a romanización o territorio gozou dunha privilexiada situación como centro de comunicación, ao ser atravesado pola vía romana que ía dende Tui cara Redondela. Na época dos asentamentos suevos e visigodos produciuse a consolidación do réxime señorial, que derivaría na construción de castelos como os de Miravel en Cans e o de Orbenlle en San Salvador de Budiño, desaparecendo posteriormente. Durante o Antigo Réxime as parroquias que conformaban o actual concello pertencían ás xurisdiccións de Budiño, rexida polos veciños, e Porriño, señorío do Conde de Salvaterra. Durante a idade Media o poder eclesiástico foi aumentando, tal e como se puxo de manifesto na doazón de Alfonso VII ao mosteiro de San Miguel de Canales (Cans). No Porriño asentáronse importantes falimias nobiliarias que contaron con casas fortes nas distintas parroquias do concello como Cans e Mosende. No século XVII o concello sufríu as incursións portuguesas baixo o mando do Conde de Prado.

4.1 Patrimonio histórico e arqueolóxico

As características topográficas condicionaron as construcións e a arquitectura que os antepasados crearon dentro deste territorio, das que non se manteñen moitos vestixios.

O concello do Porriño estivo habitado dende a antigüidade conservándose aínda pequenos restos arqueolóxicos como son o xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño ou os gravados rupestres



do Monte Castelo, ambos declarados Bens de Interese Cultural nos anos 1997 e 1975 respectivamente.

Na zona coñecida como “O penedo do pianista”, no Monte Castelo, situouse un antigo castelo pertencente, segundo os documentos, a Ruíz de Miravel, do que xa hai información no século XI. Este castelo disposto nunha situación estratéxica para o dominio de toda a comarca desapareceu nos séculos seguintes por causas descoñecidas, seguramente debido ao seu abandono xa que non se volveron a rexistrar informacións sobre el, aínda que a imaxinería popular non deixa de atribuír a súa desaparición á Revolta do Irmandiños. Hoxe aínda contamos con restos do antigo Castelo de Miravel, o seu perímetro e asentamento perimetral das estruturas compositivas son facilmente recoñecibles (rota de acceso, disposición do portón de entrada e torre da homenaxe, etc), así como tamén é recoñecible a pegada que deixou na pedra o asentamento dos seus muros escavados na rocha.

A disposición estratéxica e a dificultade do seu acceso ao Faro de Budiño, confírelle unha característica idónea para o asentamento castrexo, tal e como se constata no asentamento celta que se sitúa no cumio. Aínda se conservan os restos dunha construción castrexa de tamaño medio que ocupa a pequena chaira do cumio do monte, que posiblemente dataría da época anterior á ocupación romana. Non obstante, tras a chegada dos romanos e o establecemento da *pax romana*, esta construción sería reformada e empregada estratexicamente coma lugar de control da *IV Vía Romana* dende Tui ata Redondela. A súa utilización nesta época é visible nas estruturas en ángulos rectos (características da cultura castrexa de época romana), do propio recinto de peche así como nas construcións internas dedicadas a lugar de vivenda. Probablemente estas construcións serían reocupadas en época medieval.

Ademais, tamén se atoparon restos de cerámica campaniforme e da cultura castrexa no monte Faro, no lugar polo que transcorreu a vía romana.

Como se pode apreciar, lonxe de aproveitar a chaira do terreo para situar as súas edificación, os poboadores máis antigos asentaban as súas construcións nas partes máis elevadas dos montes do concello co fin de poderen observar mellor os posíbeis inimigos que entraban no seu territorio e garantir a seguridade da xente fronte aos posibles invasores.

4.2 Patrimonio arquitectónico

Cando nos referimos a patrimonio queremos dicir bens de tipo relixioso (capelas, igrexas, mosteiros, catedrais e santuarios) e patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...).

No concello do Porriño, ao contrario do que pasa co patrimonio arqueolóxico, a existencia de numerosas familias nobres así como o nacemento do que posteriormente sería un afamado



arquitecto a nivel nacional, Antonio Palacios, deixou un amplo legado arquitectónico e de gran calidade, sen esquecer o patrimonio relixioso existente.

Destacan as construcións civís entre as que sobresaen a Casa Reitoral de Chenlo, a Casa do Falcato e o Pazo de Levada en Mosende, o Pazo de Correa Alemparte en Budiño, o pazo de Pontellas na parroquia do mesmo nome, e a Farmacia de Peralba e o Pazo da Casa de Budiño na parroquia de Porriño. Este último é unha das edificacións máis significativas do concello, presentando unha planta en "L" e construído en cachotería. Ten dúas plantas. Na fachada principal presenta una escaleira de pedra que ascende a unha solaina con varanda sobre balaústres. Escudos de Alemparte y Correa. No baixo dispón de adega e corte, mentres que o portalón de entrada ao recinto faise a través dun arco de medio punto.

Tamén destacan o legado que Antonio Palacios deixou no municipio, destacando a Casa do Concello a Fonte do Cristo, a Botica Nova e o Pavillón Metropolitano, tamén coñecido como "templete de San Luís".

O edificio do Concello (1919-1924) é a obra máis importante que Antonio Palacios fixo en Porriño, proxecto que dedicou a súa nai. Neste edificio o autor concreta por primeira vez a súa linguaxe rexionalista. Está concibido dentro dunha grande monumentalidade en relación coa escasa superficie da planta, buscando convertelo en representativo e referencial da vila. Nel están presentes os elementos propios deste proxecto: linguaxe de inspiración medieval, torre como elemento definidor e simbólico da edificación, accesos porticados que normalmente se sitúan na base da torre, grandes contrafortes nos ángulos da torre e especial coidado na presentación do granito. A distribución interna relaciónase co carácter monumentalizado e representativo do edificio, destacando o salón de sesións como elemento xerador da vida municipal coa presenza dunha grande escaleira de acceso e dun vestíbulo aberto con soportais.

A Fonte do Cristo foi proxectada no 1904. Asíntase nunha pequena prazoletiña homónima en recordo dun antigo cruceiro situado no lugar que actualmente ocupa a fonte e que hoxe en día está disposto na praza que se estende ás súas costas. O traslado do cruceiro deixa un amplo espazo baleiro no centro da urbe porriñesa, encargándolle o concello o proxecto ao por entón mozo Antonio Palacios. O proxecto é rematado e entregado no ano 1904. A fonte, que representa unha clara tendencia vertical, aparece dividida en dous corpos. O primeiro, robusto e de fortes volumes graníticos, ten unha base octogonal coa que o arquitecto salva o desnivel da rúa e na que se sitúan oito columnas baixas e robustas tamén de sección octogonal. Coas catro escalinatas que circundan a base e que facilitan o acceso aos canos da auga comeza a súa ascensión. Na parte superior das escalinatas colocase unha recia base sobre a que se asenta o pé do segundo corpo. O segundo tramo constitúe a parte fundamental da obra, ao situar nel o principal da ornamentación. Na parte inferior coloca os canos da auga, alternándoos con elementos ornamentais con motivos florais. A parte superior acolle unha columna de corte clásico, asentada sobre un corpo saínte tamén octogonal que



aparece decorado con cerámica azulada cunha leve decoración vexetal que acompaña a un diminuto rostro humano en relevo. A columna, con acanaladuras no seu fuste, remata nun capitel con decoración vexetal moi movida sobre o que se levanta a estatua do paxe, que destaca polas súas formas brandas e suaves e que aumenta a verticalidade de todo o conxunto, que tende a unha maior estilización coa lanza de ferro forxado en forma de cruz que sostén o paxe cunha man. Na outra sostén o escudo do Porriño, executado tamén en cerámica de cores e remarcado por unha moldura pétreo. O clasicismo da columna rómpese coa inclusión no seu fuste dun colar con catro figuras monstruosas saíntes en forma de gárgolas que representan catro dragóns, e que tamén están executadas en cerámica de vivas cores. Nesta fonte percíbese unha temperada influencia modernista na decoración floral do capitel, nas formas redondeadas e suaves da figura escultórica e das pequenas figuras monstruosas.

A obra da Botica Nova foi rematada no ano 1912 como farmacia e vivenda do irmán do arquitecto. Obra sinxela pero chea de modernidade que fai dubidar do matiz monumentalista de Antonio Palacios, e que amosa a grande facilidade do arquitecto para adaptarse a cada situación. A obra amosa unha fachada reticulada, derivada do cruce de contrafortes verticais e dunha moldura que percorre horizontalmente todo o fronte das fachadas que delimitan as dúas plantas da vivenda. A falta de elementos ornamentais rómpese coa colocación dunha columna clásica na parte superior da entrada principal, separando as dúas ventás. A innovadora solución de redondear a esquina do edificio supón a desaparición das dúas fachadas en ángulo, creando unha continuidade a modo de fachada corrida que aporta unha grande sensación de unidade á composición. A entrada principal atópase situada baixo un grande arco que rompe a conxunción de liñas horizontais e verticais da fachada. Na parte superior da curva sitúa un corpo puramente ornamental a modo de torre, que presenta como característica a súa sinxeleza. Coloca no arranque deste corpo un mosaico feito de anacos de azulexos dunha tonalidade azul e dourada.

O Pavillón Metropolitano (1919) foi o acceso ao "Metro" situado na Gran Vía madrileña, trasladándose a O Porriño no ano 1971, despois dunha campaña de protesta iniciada polo arquitecto Carlos de Miguel, director da revista Arquitectura e polo Colexio de Arquitectos de Madrid, ao decidi-la Compañía do Metropolitano prescindir do mesmo, o que implicaba a súa desaparición. O pavillón estaba composto por dúas estruturas diferentes, unha de granito moi traballado e outra de ferro forxado e cristal, a modo de marquesiña lixeiramente inclinada para evita-la auga da chuvia. Non obstante, no traslado pérdese a estrutura de ferro, polo que o pavillón aparece mutilado, perdendo unha das súas principais características: a harmonía e perfecta simbiose entre o material pétreo e a estrutura de ferro e cristal.

Vinculado aos cursos fluviais pódense atopar os muíños de auga existentes no concello. A pesares da paso do río Louro por estas terras, considerado o principal curso de auga que atravesa o concello, non presenta ningún muíño fariñeiro no seu percorrido. Nos que si se poden atopar este tipo de



edificaci3ns son no r3o Cente3ns, con 4 mu3nos, e nos regatos das Laxas, Cans e Pozo de Regadeiro con 1 en cada un.

En conxunto, destacan os obras que Antonio Palacios na vila de Porriño, as3 como os pazos e casas grandes que amosan a importante historia nobiliaria que tivo este concello. Os mu3nos p3dense atopar nos afluentes do Louro, sen que esta presente ning3n tipo destas edificaci3ns.

Por outro lado est3n as construcci3ns de tipo relixioso baseadas na presenza de igrexas e capelas. En total contabil3zanse dezaseis edificios destas caracter3sticas. Das igrexas destaca a parroquial de Santa Mar3a de Porriño, as3 como as capelas do Cristo, San Sebasti3n e San Bieito. A igrexa de Santa Mar3a do Porriño sit3ase no mesmo sitio onde anteriormente existiu un edificio, que por t3dolos indicios parece que foi levantado a mediados do s3culo XVI e que recib3a a advocaci3n de San Xurxo. No ano 1778 consta que a advocaci3n da igrexa era a de Nosa Se3nora da O, pero xa no ano 1809 consta a denominaci3n de Santa Mar3a do Porriño baixo a Pur3sima Concepci3n.

A planta da igrexa pres3ntasenos en cruz latina, cunha ampla nave 3nica, cruceiro destacado e unha soa 3bsida baixo arco triunfal. O primeiro tramo at3pase separado do corpo de naves nun dobre piso, cun arco de medio punto rebaixado no inferior que produce a referida fragmentaci3n espacial. O alzado repite a concepci3n formal da planta, destacando do interior a s3a continuidade, amplitude espacial e sobriedade ornamental, debido a que dos muros encalados soamente destaca a presenza de columnas unidas a piares, con capiteis vexetais esquematizados sobre os que se apoian, coa intersecci3n de m3nsulas, os nervios do abovedamento que cobre o edificio. Na cuberta at3pase a 3nica conces3n g3tica de todo o interior. Os tres tramos do corpo de naves, os laterais do cruceiro e o que precede 3 3bsida, c3brense con b3vedas sexpartitas (cuatripartitas con nervio central), mentres que o cruceiro faino cunha de oito plementos. Os nervios das b3vedas, ao igual que as columnas, resaltan co seu cromatismo gran3tico sobre a plementer3a branca, adoptando desta forma tam3n o concepto do g3tico de afianzar a forma dos elementos estruturais da construcci3n. Os muros exteriores recalcan a austeridade ornamental xa vista no interior, unicamente alterada agora pola serie de estreitas vent3s apuntadas con vidreiras pol3cromas que os percorren. O que m3is destaca do exterior 3 a torre. Aproveitouse o primeiro corpo da antiga, pero o campanario foi substituído por dous corpos de torre id3nticos a3nda que de distinto tama3o. Estes at3panse abertos ao exterior por catro arcos apuntados coa rosca decorada en molduras.

A capela do Cristo (1899) foi o cuarto recinto relixioso do n3cleo urbano da vila, atop3ndose disposta na praza do mesmo nome. A planta 3 de pequenas dimensi3ns, nave 3nica e de cruz latina, pero cos brazos do cruceiro m3is desenrolados. Organiza a s3a fachada como as fachadas das igrexas rurais t3picas a partires de finais do s3culo XVII: porta central, sen elementos torneados laterais, cos muros superiores converxentes cara o centro e un campanario dun s3o corpo no centro. Non obstante, na fachada at3panse formas que se estruturan recordando aos aler3ns cl3sicos: os bordes en forma redondeada a modo de voluta. A parte central destaca pola decoraci3n e cromatismo, de



tal maneira que se crea un eixo vertical dende a porta ata o remate do campanario. Esta porta de entrada enmárcase por un arco trilobulado apoiado sobre pilastras lisas con capitel. A porta de entrada queda acubillada por dúas esveltas columnas estriadas sobre plintos, con capiteis corintios que soportan un entablamento clásico composto por molduras cóncavas e convexas. Atopámonos, polo tanto, cunha arquitectura historicista, ecléctica, que recolle modelos e motivos do Renacemento (entablamento sobre columnas corintias, volutas, esquema de aleróns...) e do Barroco (potenciación do eixo central, verticalidade, esquema de torre...).

A capela de San Sebastián, situada no centro urbano, foi construída polos propios veciños co propósito de oír misa diaria sen ter que desprazarse ata a Parroquia de Atios. Trátase dunha arquitectura popular e rural, similar á de outras capelas da comarca. O edificio é simple, de pequenas dimensións, de planta rectangular alongada, nave única á que se accede por unha única porta situada na súa fachada, onde se atopa pequena ventá semicircular. É de destacar a súa teitume pétreo e de sección semicircular, probablemente froito dunha reconstrución posterior, quizais do 1552, data que aparece na fachada do edificio e que non se correspondería coa primeira etapa construtiva, moito máis distante no tempo.

A capela de San Bieito atópase emprazada no espazo onde antigamente se realizaba o mercado da vila e onde no século XIX, se creou unha reducida alameda. A súa construción debeuse ao gran aumento de poboación que experimentou o barrio a finais do século XIX, e que pedía unha igrexa propia para realizar as súas oracións diarias. Trátase dun edificio de reducidas dimensións, con planta de cruz latina e nave e ábsida únicos que se abre ao exterior nun muro recto. A única partición do interior constitúena as escaleiras que comunican cun balcón superior de ferro corrido que atravesa a metade da nave en horizontal. Do exterior destaca a fachada, que segue a tendencia de finais de século baseada no clasicismo renacentista con algúns resabios da arquitectura escurialense. Así, atopámonos un corpo central acubillado entre dúas torres-campanario, corpo austero cunha porta de acceso e un ventanal superior con orelleiras. As torres son o máis destacado da construción, que destaca pola policromía e os resaltes. Despois da cornixa, que percorre toda a fachada, atópase o corpo do campanario horadado por catro arcos de medio punto nos seus lados, con pequenas estruturas abuardilladas, sobre o que se dispón un cubo e un esvelto remate pétreo con pináculos en bola.

O conxunto relixioso do concello do Porriño está composto polos seguintes edificios:

IGREXAS	PARROQUIA	IGREXAS	PARROQUIA
Santa Eulalia	Atios	Santa María	O Porriño
Santo Estevo	Cans	San Salvador	S. Salvador de Budiño



CAPELA	PARROQUIA	CAPELA	PARROQUIA
San Xoán	Chenlo	San Salvador	Torneiros
Santiago	Pontellas		
San Paio	Pontellas	San Bieito	O Porriño
San Sebastián	O Porriño	San Campio	Pontellas
Dos Miragres	O Porriño	San Diego	Mosende
San Roque	Torneiros	Nosa Señora da Guía	O Porriño
Santo Antonio	San Salvador de Budiño		

Por parroquias, destaca a presenza de elementos arquitectónicos na parroquia de Porriño, onde se recolle un maior número de patrimonio civil, onde sobresaen as obras de Antonio Palacios, e relixioso coas capelas, a igrexa de Santa María. No resto do territorio o patrimonio que se pode atopar limitáase á presenza de edificios relixiosos así como elementos arquitectónicos como muíños de auga, e algún pazo ou casa grande, destacando neste senso as parroquias de Atios, Mosende e Pontellas.

4.3 Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico conforma un conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade que o ser humano desenvolve dentro dun territorio nun tempo determinado. A presenza deste tipo de patrimonio é escaso no conxunto do concello sendo máis abondoso no entorno da parroquia de Porriño.

Do patrimonio arquitectónico etnográfico material destaca a presenza de cruceiros e petos de ánimas. Dos primeiros chama a atención do cruceiro coñecido co nome de Cristo dos Cachos (1810), situado no Barrio de O Cruceiro (O Porriño). Trátase dun cruceiro de pedra sen policromar, baixo un amplo baldaquino sostido por catro esveltas columnas metálicas. O cruceiro érguese sobre un pedestal cubiforme de granito, cos bordes superiores achancados, sobre o que se encrava o varal de sección octogonal cun capitel xeométrico. A cruz, ampla e de brazos rectangulares, presenta figuras escultóricas de boa talla. Na parte frontal aparece un Cristo crucificado con tres cravos, vivo, mirando de fronte, pano de pureza, coroa de espiñas e cartela de "I.N.R.I.". Na parte traseira aparece a Virxe co Cristo morto entre os seus brazos, imaxe labrada nun bloque moi ancho,



elipsoidal, de tal maneira que sobresaie moito cara os lados, ergueita a partir dun pedestal con cabeza antropomorfa no seu centro.

No resto do concello tamén se poden atopar outras cruces de pedra como o cruceiro do Santo Cristo do Ringorrango, na parroquia de Atios; e o cruceiro do Cristo da Agonía, en Porriño, que data do 1622.

Tamén se poden atopar petos de ánimas, de entre os que destacan o do Cristo da Agonía, en Porriño, o de Canadelo en Chenlo, e o das ánimas de Cerquido en San Salvador de Budiño.

Dentro do patrimonio etnográfico civil merece a pena mencionar o “hórreo de A Risca”, na parroquia do Porriño, claro exemplo de la arquitectura popular galega con estrutura rectangular de granito. A porta situase nun dos lados maiores e o tellado proxectase a dúas augas con tella del país. Consta de oito pes cunha peza circular, ou torna-ratos, cada un que sustentan unha cámara de pedra (columnas) e madeira (entrepanos). Situase no entorno natural que describe a área recreativa de A Risca.

No núcleo de Porriño esta emprazado o Museo dos Minerais, inaugurado en 1997, e único en Galicia pola tipoloxía dos seus fondos, xa que conta con máis de 3.000 minerais procedentes dos cinco continentes. Pódense incluso observar minerais extraterrestres recollidos dos restos de meteoritos que se precipitan sobre a superficie da Terra así como descubrir as orixes da terra.

Entre os aspectos etnográficos non materiais (festas populares e romarías) destaca o núcleo de Porriño como o lugar onde se desenvolve un maior número de eventos do concello. A nivel xeral, destacan as festividades por motivacións relixiosas, aínda que tamén se celebran festas gastronómicas.

O núcleo de Porriño é no que se desenvolven un maior número de actividades lúdicas e culturais. De todas as celebracións sobresaie a Festa do Cristo en Porriño, o penúltimo sábado do mes setembro, e as maiores de todo o concello. Antigamente celebrábanse durante o fin de semana, aínda que na actualidade esténdese a dúas fines de semana, e as actividades e actos culturais (cine, teatro, exposicións, concertos, eventos deportivos, etc.) abranguen a totalidade do mes de setembro.

Destaca a celebración de eventos de carácter deportivo ao longo de todo o mes de setembro, así como as actividades sinxelamente relixiosas como a Procesión do Santísimo Cristo da Agonía. Tamén se desenvolven outras actividades, como o Festival de graffiti Zona Sur, onde grafiteiros chegados de todas partes realizan a súa labor artística en muros especialmente acondicionados no centro da vila, amenizados pola actuación dun D.J.; Cine Infantil, Cine na rúa, a "Festa Infantil", con obradoiros de maquillaxe, inchables, carpas e unha gran Festa da Espuma; Obradoiros de teatro, trens turísticos, campamentos urbanos, representacións teatrais ou concertos de música.



Cada ano, no marco destas festas, celébrase Festa dos Callos, coa que se pretende exaltar este típico produto da localidade e que ten grande éxito de asistentes. Ese día sérvense milleiros de racións acompañadas de viño e do tamén famoso pan de Porriño. Dende primeiras horas os cocineiros comezan a preparar os milleiros de racións que serán servidas ao longo de toda a mañá e o mediodía.

O mesmo día celébrase nas rúas da vila o "Día da Muiñeira", un festival folclórico no que diversas agrupacións do Val da Louriña renden homenaxe á música tradicional desfilando polas rúas céntricas da vila para o goce da xente.

Tamén se celebran feiras como a Feira Apícola das Rías Baixas, que se celebra dende 1987 baixo a idea da Asociación de Apicultores de Pontevedra, e que se creou con motivo de dar información promovendo xornadas técnicas de desenvolvemento en relación con la apicultura. A finalidade actual da feira é a de dar a coñecer as calidades da mel, e as súas capacidades culinarias ademais das coñecidas como medicina. A feira celébrase no Centro Recreativo Cultural, no que se realizan exposicións, venta de produtos e de material apícola. Tamén se organiza dentro do concello outra feira gastronómica, neste caso dedicada aos cogomelos, no mes de novembro.

Do resto do concello destacan as festas populares dedicadas aos patróns parroquiais.

Así, a parroquia do Porriño é na que se celebra un maior número de festas cun total de 15, seguida moi de lonxe por Atios, Budiño e Torneiros con tres cada unha e Chenlo, Mosende e Pontellas con dúas.

Atios	Festa da Árbore o primeiro domingo de xuño Festa de San Bieito o 1º domingo de agosto Festa da Virxe da Guía do 14 ao 16 de agosto
Budiño	Festa de San Brais o 3 de febreiro Festa de San Antón o 13 de xuño Festa de Santa Lucía o 13 de decembro
Cans	Festa de San Estevo o 26 e 27 de decembro
Chenlo	Festa de San Xoán o 24 de xuño Festa do Neno Xesús o penúltimo domingo de agosto
Mosende	Festa de San Diego en maio/xuño Festa de Santa Leocadia o 1º domingo de xullo



Pontellas	Festa de San Campio o 3º domingo de xullo Festa de San Paio o domingo seguinte ao 5 de agosto
O Porriño	Antroido en febreiro Feira Apícola das Rías Baixas en marzo Festa do Santo Cristo dos Aflixidos (ou “Cristo dos Cachos”) o 1º domingo de maio Festa Popular o 17 de maio Festa de San Xoán o 24 de xuño Festa de San Bieito o 11 de xuño Romaría da Risca entre xullo e agosto Festa de San Sebastián o 3º domingo de agosto Festa da Virxe dos Milagres o 1º domingo de setembro Festa da Virxe das Angustias o 3º domingo de setembro Festa dos Callos o domingo seguinte ao do Cristo en setembro Feira dos Cogomelos en novembro Magosto o 11 de novembro Festa de Santa Lucía o 13 de decembro
Torneiros	Festa das flores o último domingo de maio Romaría da Xuntanza en xuño Festa de San Roque do 15 ao 17 de agosto

Da gastronomía de Porriño destacan os produtos do interior como a carne coa que se preparan exquisitos pratos. Así destacan o cordeiro, o coello, o cocido galego, os callos e os chourizos. Todos estes produtos pódense degustar nos establecementos hostaleiros do concello, destacando o maior número de establecementos, así como a súa calidade, que se localizan principalmente na parroquia de Porriño.

4.4 Recursos turísticos

A práctica do turismo no concello de Porriño está pouco desenvolvida. A súa situación no interior do espazo que configura a Mancomunidade de Vigo, así como unha clara orientación industrial provocan que o turista se encontre cun territorio pouco desenvolvido neste campo, e bastante degradado pola intensa ocupación industrial.

Aínda así, o concello dispón dalgúns elementos que poden ser postos en valor para a súa posterior promoción turística. Ademais, pode aproveitarse da súa proximidade á vilas cun sector turístico máis consolidado como Vigo ou Baiona, grazas ás boas comunicacións que posúe e que reducirían o tempo de chegada dende este concello cara outros máis costeiros, o que podería repercutir nun



aumento de visitantes que pernoctan e que posteriormente se desprezan ao lugar de destino para retornar ao final do día. Ademais, esta proximidade a outros lugares turísticos tamén consolidados, como, Sanxenxo, O Grove, Nigrán, Pontevedra, pode favorecer a chegada de visitantes de día (“excursionistas”).

A acción das persoas sobre o medio provocou un grave deterioro da paisaxe, que mudou considerablemente co obxectivo de incentivar a produción económica do concello e que desencadeou na perda tanto dos bosques autóctonos como da biodiversidade, o que levou consigo un grave problema medio ambiental que se reflicte no val do río Louro. Todo isto fai que os escasos recursos dos que dispón o concello non sexan suficiente para compensar o dano medioambiental, influíndo todo de maneira negativa no sector.

Aínda así, existen algúns elementos que poden ser aproveitados para desenvolver actividades de ocio e conseguir atraer poboación foránea para o seu goce. De entre estes sobresaie o legado artístico que o arquitecto Antonio Palacios deixou no núcleo de Porriño, os montes da serra do Galiñeiro e do Faro de Budiño que albergan rechamantes formacións rochosas nas que se poden atopar restos da cultura castrexa e romana, como a antiga vía romana; as numerosas festas populares e gastronómicas e un rico patrimonio relixioso, xunto co paso do sendeiro das greas.

Para poder conformar un posible mapa de recursos turísticos incorporouse todo aquel elemento material e inmaterial que pode ser aproveitado para o goce da poboación residente, así como para a atracción de visitantes. Deste xeito, poderíase agrupar todo aquel patrimonio que dado o seu estado de conservación, xunto coas características do entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para a atracción de turistas e a potenciación deste sector no futuro.

Dos recursos dos que dispón o concello, o que da a coñecer máis este territorio son as obras de Antonio Palacio, así como as festas de exaltación de produtos típicos da zona e mesmo a actividade industrial vinculada á extracción mineira.

Entre os restos arqueolóxicos destacan os que apareceron no contorno do Faro de Budiño, con multitude de restos de cerámica, así como restos castrexos e gravados rupestres no monte Cátelo. Asemade, nestes puntos pódese gozar das características formas que posúen as rochas así como das vistas que permiten observar todo o val do río Louro grazas á existencia de miradoiros naturais.

A parroquia de Porriño dispón dun importante legado arquitectónico obra de Antonio Palacios, que deixou na vila edificios tan singulares como a Casa do Concello, a Botica Nova, a Fonte do Cristo ou o Pavillón Metropolitano, este último traído dende Madrid xa que formaba parte da entrada ao metro na Gran Vía. Toda ela amosa a evolución do autor e calidade do deseño antes de que marchara a Madrid para continuar cos seus traballos.



Tamén destaca o importante legado relixioso con oito igrexas parroquiais, de entre as que sobresaen as de Santa María de Porriño, románica, e as de Santo Estevo de Cans e Santiago de Pontellas de estilo barroco; e nove capelas das que chaman a atención as do Cristo, San Sebastián e San Bieito. Ademais, non se pode deixar de lado as cruces de pedra e os peto de ánimas, que presentan un bo estado de conservación e unha características moi particulares. Pola contra, do patrimonio civil podemos resaltar as figuras dos pazos, de entre os que destaca o de Budiño.

Por estas terras existen numerosas rutas de sendeirismo sendo a principal o Sendeiro da Greas, que percorre toda a marxe L. e S. do territorio, pasando dende os contrafortes das serra do Galíñeiro ata o val do Louro e dirixíndose polo Faro de Budiño. Do mesmo xeito, o concello tamén é ruta de paso do camiño portugués cara Santiago, que entra polo S. e atravesa o concello pola súa parte central cara o N.

O concello tamén dispón dunha importante área natural como son As Gándaras de Budiño, cunha gran diversidade biolóxica e ambiental. Non obstante, a presenza dos polígonos industriais das Gándaras e da Granxa está a deteriorar estes humedais, o que provoca unha perda da súa biodiversidade e un grave impacto natural e paisaxístico, que repercute de maneira negativa á hora de pretender fomentar este espazo de cara a atracción de visitantes.

Non obstante, o carácter industrial do concello pode ser un factor a ter en conta á hora pode atraer turistas, grazas ao pulo que nos últimos anos se está a experimentar o turismo industrial nalgúns países europeos. O turismo industrial é unha modalidade alternativa ao turismo tradicional, e dinamizadora da economía, que consiste na visita organizada a empresas consideradas de interese turístico, ben polo produto que realizan ou polo seu proceso produtivo. Esta actividade está a ter grande éxito en países como Francia, mentres que en España aínda non ten a implantación desexada. O turismo industrial, entendido como forma de turismo, ten como obxectivo principal difundir o patrimonio industrial, tanto o antigo como o actual, relacionado intimamente coa tecnoloxía e o traballo e que representa unha das características que mellor define a forma de ser, a historia e a cultura do ser humano. Neste senso, a riqueza mineral do concello do Porriño permitiu o asentamento de numerosas empresas dedicadas á extracción e primeira transformación do granito, converténdose nun dos principais exportadores de granito do mundo e o primeiro da variedade de granito rosa Porriño. Todo isto provocou a apertura de numerosas canteiras que poden ser aproveitadas non só para a industria extractiva, senón tamén para a atracción de visitantes co fin de amosarlles as características particulares desta industria e da forma de traballar a pedra.

A isto habería que engadirlle o elevado número de actividades lúdicas e culturais que se desenvolven e que pretenden revalorizar este sector e os produtos típicos da zona, destacando as festas gastronómicas, así como as romarías e festas populares. En total celébranse de tres festas gastronómicas nas que se degustan produtos como a mel, os callos e os cogomelos, todas elas na



parroquia de Porriño. Eventos que xeran un aumento na actividade social e económica do núcleo que as celebra á par que atraen un elevado número de visitantes.

Como se pode apreciar, a maior concentración de recursos localízase na parroquia de Porriño, onde os visitantes que a ela se acheguen poden atoparse, ademais do patrimonio relixioso (Igrexa de Santa María, e capelas de San Sebastián, San Bieito e Nosa Señora da Guía, ademais de cruces de pedra e petos de ánimas), coas obras de Antonio Palacios, o Museo dos Minerais e as numerosas festas populares e gastronómicas. Ademais, no núcleo urbano localízanse un importante número de restaurantes onde se preparan os pratos máis típicos do concello, así como a meirande parte da oferta de aloxamento do concello aínda que o seu escaso número pode ser insuficiente para a oferta que presenta e para o número de visitantes que se desexa que cheguen, habendo soamente tres hoteis, un motel, un hostel e unha pensión, mentres no resto do concello localízanse un hostel en Budiño e unha casa de turismo rural en Pontellas. Así, a concentración de recursos na parroquia de Porriño poden ser aproveitados para a atracción de visitantes, sempre e cando a oferta de servizos relacionados co turismo melloren na vila.

Non obstante, a importante degradación ambiental do concello, debido a súa elevada actividade industrial, é un serio inconveniente á hora de atraer visitantes, xa que o impacto paisaxístico dos polígonos industriais e das canteiras pode xerar rexeite entre os turistas

Uns dos factores importantes para que O Porriño poida atraer visitantes e aumentar a súa estadia no concello sería a través da promoción do seu patrimonio arquitectónico, do turismo industrial e a mellora dos servizos de hostalería e aloxamento. Actualmente este servizo semella se insuficiente e de baixa calidade, necesitando unha mellora no número de aloxamentos e na calidade dos mesmos. Respecto aos restaurantes, a maior parte destes localízanse na vila de Porriño, aínda que tamén se poden atopar nas parroquia do centro e S. como en San Salvador de Budiño.

En conxunto, o concello posúe unhas condicións que dificultan e impiden o desenvolvemento dun turismo activo, a pesares da existencia de recursos interesantes para que ben poderían ser postos en valor co obxecto de atraer visitantes. Así, este sector podería estar orientado cara o turismo cultural, onde resaltarían as obras do arquitecto porriñés Antonio Palacios, así como o museo dos minerais, o patrimonio relixioso e o fomento do turismo industrial coa visita ás canteiras para que os turistas puideran experimentar en primeira persoa o proceso extractivo e de transformación do granito.



5 ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

5.1 Planeamento urbanístico vixente

O planeamento vixente na actualidade no concello do Porriño é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado de maneira definitiva o 26 de xuño do ano 2003, e publicado no BOP e no DOG o 21 de outubro do mesmo ano.

Antes da aprobación do mesmo, desenvolvéronse medidas parciais e plans especiais para a actuación en determinadas zonas do concello, estando vinculadas estas ao desenvolvemento principalmente dos polígonos industriais.

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un arquitecto e un arquitecto técnico que atenden nas dependencias municipais da casa do concello todos os días.


5.2 Infraestruturas de comunicación

A posición de Porriño na zona de paso da Depresión Meridiana provoca que o relevo na súa parte central presente unha gran chaira con escaseza de pendentes, polo que é propicio para a localización das principais vías de comunicación.

Presenta unha rede de estradas locais moi intensa e comunica a todos os núcleos do concello. Moitas delas presentan un trazado e un firme irregular cun ancho de vía estreito que dificulta o tránsito rodado. O volume das estradas locais é máis intenso no L. e no O. do concello, que coinciden coas zonas máis montañosas e de maiores pendentes, mentres no centro do territorio a súa presenza é máis reducida. A rede de estradas locais é máis intensa nos rebordos da Depresión Meridiana, mentres que a medida que nos achegamos cara o exterior do concello, nos extremos L. e O., o relevo aumenta a altitude e as pendentes, polo que o volume é inferior.

As vías de comunicación máis importantes, de maior rango, son as autovías A-52 e A-55.

A primeira, que comunica os núcleos de Vigo e Benavente, entre no concello procedente de Mos



cunha dirección NO.-SL, para saír polo de Pontearreas cunha dirección SO.-NL. A autovía A-55 comunica as localidades de Porriño e Tui, atravesando toda a parte central do concello cunha dirección N.-S.

De carácter Nacional están as estradas N-120 de Logroño a Vigo, e a N-550 de A Coruña a Tui. A primeira atravesa a metade NL. do territorio levando unha dirección practicamente paralela á autoestrada A-52, mentres que a N-550 atravesa toda a zona central do concello de N. a S., e de forma paralela á autovía A-55, entrando no concello procedente de Mos e saíndo por Tui.

De especial importancia é a vía férrea Vigo-Monforte de Lemos, que circula paralela á autovía A-55 e á estrada nacional N-550, aproveitando a chaira que presenta o relevo na súa parte central. Na vila de Porriño situase unha estación, mentres que tamén existen ramais secundarios para dar servizo ás empresas dos polígonos industriais.

Do SO. da parroquia de Atios, conectando coa Autovía e a esteada nacional, parte a estrada de primeiro orden PO-410 que se dirixe cara o SL. do concello ata saír polo L. de San Salvador de Budiño en dirección Salceda de Caselas.

Polo N. do territorio entra e sae unha estrada autonómica PO-331, de 2º orden, que comunica a vila de Mos con Vigo, presentando un trazado irregular debido ás características topográficas.

A metade O. tamén é atravesada de N. a S. por unha estrada de 3º orden PO-342, que parte da PO-331 e atravesa toda a parroquia de Mosende ata entrar no concello de Tui.

Destaca a densa trama de camiños e pistas que se expanden por todo o termo municipal. Esta é máis intensa nas parroquias do L., sobre todo na de San Salvador de Budiño e Atios, aínda que nas do O. as de Torneiros e Pontellas posúen unha densa rede. Así, pódese apreciar como estas pistas son máis numerosas e extensas naqueles puntos onde o terreo presenta unha maior altitude, sobre todo nos extremos L. e O., mentres que na parte central son menos frecuentes.

5.3 Centros educativos

O concello do Porriño experimentou un crecemento continuado da súa poboación dende comezos do século XX, aínda que este foi máis intenso a partires da década de 1960 cando se construíu o polígono industrial das Gándaras e o municipio se consolidou como o principal polo industrial de desconcentración de Vigo, e un dos concellos máis importantes da expansión da industria viguesa. Todo isto repercutiría nun desprazamento de poboación cara o municipio ante a súa crecente oferta laboral, así como a fixación da poboación local que non vía necesario marchar cara outras zonas para buscar emprego.



O resultado final é un crecemento vexetativo positivo, onde a elevada mortalidade é contrarrestada por unha maior taxa de natalidade e un saldo migratorio positivo, cun elevado porcentaxe de poboación madura (70,8% do total) e a poboación nova supera en número á vella.

Este incremento demográfico inflúe de maneira positiva na presenza de poboación nova dentro do concello, o que deriva nunha maior oferta de centros educativos.

Dentro do concello existen quince centros educativos, doce de titularidade pública e tres privados. Na parroquia de Porriño é na que se localiza un maior número de centros cun total de sete. Deles, catro son públicos e tres privados. Dos centro públicos, en dous deles impártense clases de LOXSE e de ESO, nun impártense clases Educación Infantil, Especial e Primaria, noutro danse clases de música, e soamente un ofrece formación en albanelería, ciclos formativos de grao medio e superior, educación para Adultos, módulos profesionais e programas de garantía social. Dos centros privados, un imparte clases de educación Especial, outro imparte clases de Educación Infantil, Primaria, Especial e ESO, mentres que o restante imparte as especialidades de Educación Infantil, Primaria e ESO.

A parroquia de Torneiros dispón de dous centros nos que se imparten clases de Educación Especial, Infantil e Primaria, e ESO; ao igual que a de San Salvador de Budiño, cun centro de Educación Infantil e outro no que se dan clases de Educación Especial, Infantil e Primaria. Un centro presentan as parroquias de Atios, Mosende, Chenlo e Pontellas, nos que se imparten preferentemente clases de Educación Infantil e Primaria, mentres que en só un se dá Educación Especial.

Ademais, nos centros educativos que hai no concello hai 36 grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 534 alumnos/as. Esta oferta resulta insuficiente por que só hai tres garderías que atenden á poboación de 0 a 3 anos, e no concello hai 718 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

Do mesmo xeito, o concello dispón dunha escola municipal de música e unha escola municipal de baile.

Non existen neste concello ningún centro de ensino superior vinculado á universidade.

5.4 Servizos sociais

O obxectivo dos servizos sociais é o de servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado.

O concello de Porriño conta cunha Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), na que se asesora aos mozos e organiza diferentes actividades, así como unha Asociación de Voluntarios de Protección Civil. Tamén dispón de tres centros de atención á infancia e dun centro de información ás mulleres.



Do mesmo xeito, o concello dispón de 41 entidades deportivas e 44 asociacións (culturais, recreativas, de veciños, de pais e alumnos, peñas, xuvenís, etc.)

No referente ás residencias da Terceira Idade, non existe ningunha dentro deste concello, aínda que si dispón dun centro social. No Porriño había no ano 2005 2.284 persoas maiores de 65 anos das que o 43,87% pasaba de 75 anos, polo que se infire que a oferta é insuficiente para atender ás demandas do colectivo.

Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos, que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 44 persoas percibindo esta renda e durante o período 2001-2003 medrou en 6 persoas, o que supuxo un crecemento do 15,79%.
- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había no Porriño 22 persoas beneficiarias da axuda.

6 POBOACION E VIVENDA

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda no concello do Porriño, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e a Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

1. Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século 20.



2. Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos poden estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
3. Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
4. Movements migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.
5. Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e máis anos de idade. Ademais, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase o último dato de matriculación, en ensino non universitario no concello.
6. Por último, o apartado 6, que estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.

6.1 Efectivos poboacionais

A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación do Porriño en xaneiro de 2005 era de 16.576 persoas, distribuídas segundo sexo en 8.005 homes e 8.571 mulleres. O reparto poboacional tendo en conta o sexo, entre as 8 parroquias que compoñen o concello é o seguinte:

Distribución parroquial da poboación do Porriño segundo sexo

Ano 2005.

Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Atios (Santa Eulalia)	2197	1069	1128
Budiño (San Salvador)	2025	986	1039
Cans (San Estevo)	439	219	220
Chenlo (San Xoán)	549	271	278
Mosende (San Xurxo)	834	407	427



Distribución parroquial da poboación do Porriño segundo sexo

Ano 2005.

Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Pontellas (Santiago)	1343	636	707
Porriño (Santa María)	5176	2454	2722
Torneiros (San Salvador)	4013	1963	2050
Total	16576	8005	8571


Fonte: INE

A Parroquia máis poboada das 8 que compoñen o concello do Porriño é a que da nome ao concello, cunha poboación de 5.176 persoas, repartíndose segundo sexo, entre 2.454 homes e 2.722 mulleres. A seguinte parroquia segundo a súa poboación é a de Torneiros, con 4.013 persoas, 1.963 homes e 2.050 mulleres. Seguen, con poboacións similares as parroquias de Átidos e Budiño. Na primeira, con 2.197 persoas, as mulleres son 1.128 e os homes 1.069. En Budiño, as 2.025 persoas repártense segundo sexo entre 1.039 mulleres e 986 homes. Pontellas é a última parroquia que se atopa por riba dos 1000 habitantes, sendo 1.343, que se reparten entre 707 mulleres e 636 homes. A parroquia menos poboada é a de Cans, que rexistrou no ano 2005 439 persoas, repartidos segundo sexo entre 220 mulleres e 219 homes.

En relación á AMV, a poboación do Porriño ten un peso do 3,56%, ocupando o sexto lugar entre os concellos, despois de Nigrán (3,71%), en canto á súa representación poboacional sobre a AMV, a moita distancia en relación a Vigo, que representa o 63,08%.

Porcentaxe da poboación dos concellos da AMV sobre o total.

Ano 2005




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE



B) Densidade demográfica

A seguinte gráfica mostra a densidade demográfica, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado, neste caso comparando a correspondente a O Porriño, AMV, Pontevedra e Galicia. A densidade demográfica no concello é de 270,85 habitantes/km.², sendo á do conxunto da AMV, de algo máis do dobre, cunha densidade de 621,39 habitantes/ km.². A densidade demográfica no Porriño, é superior á da provincia, que é de 215,86 habitantes/ km.² e case 3 veces superior á de Galicia, que é de 93,33 habitantes/ km.².




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia

Tendo en conta a poboación do concello segundo o seu lugar nacemento e residencia, como mostran os datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2005, a mobilidade da poboación do concello é superior á que se produce a nivel da AMV, Pontevedra e, lixeiramente por riba da de Galicia. Así, o 42,28% da poboación do concello naceu e reside no mesmo, mentres que nos outros territorios compártense valores superiores, sendo o de Galicia do 60,74%, seguido da AMV, onde o 61,65% da poboación naceu nalgún dos concellos que a integran, e por último, Pontevedra, cun 65,26% que naceu e reside no mesmo concello. O Porriño é receptor de poboación procedente doutros concellos pontevedreses, en maior medida do que o son os outros tres territorios analizados, así o 39,69% da poboación naceu noutro concello pontevedrés, mentres que en Galicia o 22,34% naceu noutro concello da mesma provincia onde reside. A AMV e Pontevedra comparten valores similares entre si, e inferiores aos do concello, en torno ao 16%. No caso da poboación residente no concello que naceu noutra provincia galega, o valor do Porriño é case 5 puntos inferior á porcentaxe da AMV, 5,29% e 10,02% respectivamente. Por baixo da AMV, pero aínda representando unha porcentaxe maior que O Porriño, está a poboación que reside na provincia de Pontevedra e que naceu noutra provincia galega, 7,45%, e tamén á do conxunto galego, que naceu nunha provincia diferente da que reside, 6,41%.





Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A porcentaxe de poboación do Porriño residente no concello e que naceu noutra comunidade autónoma representa un 7,23%, sendo superior ás porcentaxes que lles corresponden á AMV, 5,16%, Pontevedra, 4,32% e Galicia, 4,71%.

Por último, a poboación residente e nacida no estranxeiro representa no Porriño o 5,56% da poboación, situándose por baixo da AMV, 6,78%, Pontevedra, 6,19%, e Galicia, 5,80%.

Como se desprende dos datos anteriores, o Porriño é un concello caracterizado pola acollida de poboación inmigrante, especialmente interna, xa que máis da metade da súa poboación residente no ano 2005, un 57,72%, naceu fóra do concello. Mentres que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia as porcentaxes son do 38,35%, 34,74% e 39,26%.


D) Poboación segundo nacionalidade

En canto a nacionalidade da poboación do concello, no ano 2001, o 97,93% da poboación do Porriño posuía nacionalidade española e soamente o 2,07% era de nacionalidade estranxeira. As porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, son similares e lixeiramente superiores aos do concello, caso da porcentaxe de persoas de nacionalidade española, 98,43%, 98,59% e 98,70%, respectivamente. Polo tanto, aínda que con valores moi similares, O Porriño posúe unha porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira que non supera á AMV, 1,59%, Pontevedra de 1,41% e Galicia de 1,30%. En relación a estes datos hai que ter en conta que dende o censo de 2001, é probable que estes datos teñan variado posto que nos últimos anos a chegada de poboación inmigrantes doutras nacionalidades ten aumentado no conxunto da AMV.

Na procedencia da poboación de nacionalidade estranxeira no Porriño, a maioría da poboación estranxeira ten nacionalidade europea, 53,17%. Un 37,76% ten nacionalidade dalgún país americano. A terceiro lugar de procedencia da poboación estranxeira no Porriño é África, aínda que nunha porcentaxe moi por baixo das anteriores, rexistrándose un 8,76% da poboación con algunha nacionalidade dese continente. No ano 2001, rexistrouse un habitante apátrida no concello, representando o 0,30% da poboación.



Tendo en conta o sexo, a poboación procedente de Europa é maioría masculina, 53,41% fronte ao 46,59% que representan as mulleres de nacionalidade europea. A distribución segundo sexo da poboación procedente de América é de 32,80% homes e 67,20% mulleres. E por último, a maioría da poboación procedente de África é feminina, representando o 65,52%, fronte aos homes que son o 38,48%.



A gráfica anterior mostra as porcentaxes de poboación con nacionalidade estranxeira segundo a súa procedencia no Porriño, AMV, Pontevedra e Galicia. O máis significativo é o feito de que nos outros tres espazos a poboación estranxeira ten maioritariamente a nacionalidade dalgún país americano, cuns valores entornao 51% nos tres casos. Mentres que no concello esta porcentaxe é inferior, decantándose máis cara a poboación de nacionalidade europea. Ademais, cabe destacar que a poboación de procedencia africana supón porcentaxes similares nos catro espazos comparados, na AMV, 8,42%, Pontevedra, 8,94% e Galicia, 7,6%.

E) Evolución demográfica

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001¹ e os datos dos Padróns para os anos 2004 e 2005.


Na gráfica a seguir, obsérvase como no concello se produciu un incremento continuado de poboación ao longo do período, máis suave nas primeiras décadas, sendo a partir de 1970 cando se

¹ Segundo nota do INE, Os datos referidos á evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE son refírense a poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derívanse das renovacións padronais, e das rectificacións padronais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio legislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e se refírense ao 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello do Porriño, engádesse á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001, 2004 e 2005.



producen os incrementos máis significativos. Así, dos 10.044 efectivos censados nese ano, pasouse a 13.517 no 1981 e a 15.093 no seguinte cese, do ano 1991.

O crecemento producido ao longo deste período analizado foi de 9.333 persoas, xa que a poboación no ano 1900 era de 7.243, acadando a cifra de 16.586 persoas.



A variación relativa producida no concello é polo tanto moi positiva, cun valor do 128,86%. Comparando esta variación coa de AMV, Pontevedra e Galicia, resulta que é superado unicamente pola AMV, que tivo unha variación relativa do 342,46%. Pontevedra sitúase por baixo do concello, cun valor do 105,20%, e por último Galicia, que tivo un crecemento relativo do 39,37%.

6.2 Estrutura da poboación.


A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello do Porriño no 2005 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos.

No caso do Porriño, hai que sinalar o importante peso que ten a poboación potencialmente activa, a que posúe entre 20 e 64 anos de idade, que no caso dos homes supón o 66,78% e no das mulleres o 63,82%. Isto explícase pola localización de empresas nos polígonos industriais do concello e en concellos limítrofes, como Salceda de Caselas e Mos o que fai que moita poboación resida neste concello, onde ademais a adquisición de vivenda é máis asequible que en Vigo e dispónse dunha serie de infraestruturas e servizos que non teñen os concellos de Salceda de Caselas ou Mos.



A existencia dunha forte actividade económica no concello, que redonda na chegada de poboación moza ao concello, é unha realidade que parece estar a conter a xeral diminución do peso dos grupos de poboación de menos idade. Como se observa na pirámide, a diferenza máis forte entre o peso dos grupos de poboación de diferentes idade, prodúcese entre a cohorte de 25-29 anos e a de 20-24 anos, pasando de representar o primeiro o 11,22% entre os homes e o 11,02% nas mulleres, mentres que o grupo de idade inmediatamente inferior representa o 7,19% nos homes e 7,39% nas mulleres. E dicir, que a poboación pertencente os grupos de menor idade, ten un peso considerable no concello, a diferenza do que acontece noutros concellos da área, onde o estreitamento na base da pirámide é moito máis marcado. De feito, a poboación comprendida entre 0 a 19 anos supón case o 21% do total.



A pirámide deixa apreciar a distribución por sexo, sendo maioritaria a poboación masculina ata o grupo de idade de 55-59 anos, a excepción do grupo de 50 a 54 anos, a partir dos 60 anos, sendo a diferenza en torno a 1 punto en cada un dos intervalos.

B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade


En canto á distribución por grandes grupos de idade no Porriño, analizarase separadamente a poboación con nacionalidade española e a de nacionalidade estranxeira, comparando a distribución de cada unha delas en dous anos diferentes, no 2001 e no 2005.

A poboación con nacionalidade española, repartíase no ano 2001 nas seguintes porcentaxes, a de menos de 16 anos representaba o 17,14%, a de 16 a 64 anos de idade era o 69,71%, mentres que a poboación de máis de 64 anos era o 13,15%. Despois de 4 anos, no 2005, a distribución variou, diminuindo a poboación moza, que pasou a representar o 15,49%, o que se reflicte nun aumento nos



outros dous grupos de poboación, pasando a representar o de 16 a 64 anos un 70,33%, e o de máis de 64 o 14,19%.


Distribución da poboación estranxeira segundo grandes grupos de idade. Anos 2001 e 2005



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En relación a poboación estranxeira, a distribución é outra, debido ao peso da poboación en idade de traballar. Así, no ano 2001, o grupo de menos de 16 anos representaba o 16,31, diminuíndo no ano 2005 ata o 13,61%. A poboación de 16 a 64 anos de idade era no 2001 o 78,25%, mentres que no ano 2005 acada o peso de 83,53%. Por último, a poboación de 65 e máis anos, era no 2001 o 5,44%, diminuíndo no ano 2005 ata o 2,86%.


Distribución da poboación española segundo grandes grupos de idade. Anos 2001 e 2005



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE



C) Idade media da poboación



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Na gráfica precedente compárase a evolución da idade media da poboación do concello do Porriño coa correspondente á AMV, Pontevedra e Galicia, dende o ano 1998 a 2002. Como xa se comentaba na distribución por grupos quinquenais da poboación do concello, este caracterízase por posuír poboación moza, en maior medida que outros concellos. Así se reflicte na súa idade media, que aínda que no intervalo de anos comparados, experimentou un aumento, é a idade máis baixa das catro comparadas. No ano 1998 a idade media da poboación no Porriño era de 35,80 anos, acadando a media de 37,40 anos no ano 2002. O aumento experimentado foi de 1,80 anos, o segundo máis alto despois da AMV.

O seguinte espazo cunha idade máis baixa é a AMV, 38,52 anos no 1998 e no 2002 a idade media acadada foi de 40,34 anos, aínda que é na AMV onde se produce un maior incremento neste período, de 1,82 anos. No caso de Pontevedra pasouse do 39,20 anos no 1998 a 40,90 anos no 2002, sendo o crecemento de 1,70 anos. Por último, cun indicador máis alto, atópase Galicia, que posuía no ano 1998, unha idade media de 41,60 anos, acadando no 2002 o valor de 43,10 anos, sendo polo tanto a variación de 1,50 anos.

D) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil

A continuación analizaranse o Índice e dependencia global (IDG), indicador que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 20 anos e as de máis de 64 anos co grupo de poboación con idade comprendida entre 20 e 64 anos.






Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Na gráfica compáranse os valores do IDG correspondentes a O Porriño, AMV, Pontevedra e Galicia, ao longo dun período de 15 anos, dende 1991 ao 2004. O valor correspondente a O Porriño no ano 1991 era do 79,23%, é dicir que por cada 100 persoas consideradas potencialmente activas, había 79 persoas dependentes, con idades entre 0 e 19 anos e máis de 64 anos. Este indicador descendeu ata chegar ao valor de 57,48% no ano 2001, cando o Porriño acadaba o valor máis baixo, volvendo a subir, no ano 2004 ata o valor de 64,15%. A AMV posúe valores máis favorables, sendo o valor correspondente ao ano 1991 do 71,19 e no ano 2004 do 61,50, sendo o espazo onde se produce un maior descenso no número de persoas dependentes con respecto á poboación activa. Galicia e Pontevedra tiveron traxectorias máis negativas neste indicador, como se observa na gráfica. No caso de Galicia o IDG no ano 2004 foi de 78,35%, mentres que Pontevedra é o espazo onde este indicador da estrutura da poboación creceu máis, acadando un valor no ano 2004 do 91,09%.

O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 20 anos coa poboación potencialmente activa, a de 20 a 64 anos de idade, experimentou un descenso moi significativo no concello do Porriño entre 1991 e 2004, pasando do valor 62,30% no ano 1991, ata chegar ao seu valor máis baixo, no ano 2001, de 36,78%. A partir dese ano, e ata o ano 2004, parece experimentar unha pequena recuperación, acadando o valor de 39,35%, provocado polo aumento da natalidade, que se verá máis adiante cando se estude o movemento natural da poboación.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



Pola contra, o Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 20 a 64 anos de idade, como se observa na gráfica, a tendencia é de crecemento dende o ano 1991. Nese momento o valor era do 16,92%, incrementándose ata o ano 2004, no que acadou un valor do 24,80%, e que está motivado polo envellecemento da poboación.

E) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento

O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), é un indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo ao acadar a idade da xubilación.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na gráfica precedente, compáranse os valores correspondentes ao Porriño, AMV, Pontevedra e Galicia, ao longo dun período que vai dende 1991 ao ano 2004. No caso do concello. O IRPA experimentou unha serie de oscilacións, sendo o saldo ao final do período dun lixeiro decrecemento, de -1,66%, do peso da poboación de 60 a 64 anos en relación á de 20 a 24. No ano 1991, o IRPA en Porriño era do 48,87%, acadando o valor de 51,54% no ano 1996, o máis alto do período e decrecendo novamente ata o 40,62% no ano 2001. No último ano recollido na gráfica, obsérvase un novo aumento do indicador, que acada o valor de 47,21%. O indicador, experimentou unha recuperación entre os anos 2001 e 2004, aínda que non acadou o nivel do ano 1996, aínda que parece que está vivíndose un recuperación no peso da poboación moza, que se inicia no mercado de traballo, en relación á poboación que a está abandonando.


A traxectoria deste indicador na AMV é similar, aínda que os valores correspondentes ao espazo metropolitano son máis altos, é dicir que o peso da poboación moza en relación á de 60 a 64 anos é menor que no caso do concello. Así, no ano 1991 o IRPA na AMV, era de 53,61 chegando no ano 2004 ao valor de 62,74 persoas de 60 a 64 anos por cada 100 de entre 20 a 24 anos de idade, superando xa ao IRPA correspondente ao Porriño.

Os valores pertencentes a Pontevedra son máis altos, así no ano 1991 correspondíalle un IRPA do 60,19%, aumentado ata o 64,22% no ano 2004. En Galicia no ano 1991 era do 75,74%, onde a variación do indicador foi a menos marcada, xa que no ano 2004 o valor correspondente ao IRPA era




do 75,81%, sendo a capacidade de substitución da poboación que vai abandonando o mercado de traballo moito menor, en torno aos 30 puntos por baixo da do Porriño.

Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de envellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra na gráfica, este Índice tivo un aumento de 28,79 puntos no Porriño, entre os 1991 e 2001, pasando do 27,17% do ano 1991 ao 55,96% no ano 2001.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Sen embargo, se o comparamos cos outros espazos incluídos na gráfica, obsérvase, novamente que o concello posúe unha poboación máis moza que os demais espazos comparados. Así, en relación aos datos correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, obsérvase que en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación moza en maior medida que no Porriño, ademais de que os valores de partida eran máis altos que no concello. Así, no ano 1991 o índice de envellecemento na AMV era do 37,74%, experimentado un aumento moi significativo, de 41,24 puntos porcentuais, no ano 2001, no que o índice acadou o valor de 78,98%. O aumento experimentado en Pontevedra foi de 43,73 puntos, pasando do 45,06 do ano 1991 ao 88,79% no 2001. No caso de Galicia, o aumento é aínda máis marcado, sendo o peso da poboación maior con respecto á moza moi significativo. Así, o aumento que experimentou Galicia entre estes 10 anos foi de 56,72 puntos, pasando do 62,26% do ano 1991, ao 118,98% no ano 2001.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A traxectoria deste indicador é similar á experimentada polo índice de envellecemento. A gráfica mostra o aumento producido entre os anos 1991 e 2001 neste indicador no concello, que foi o máis baixo dos catro analizados, de 0,69 puntos. Así, o Índice de sobreenvellecemento pasou dun valor de 7,26% no ano 1991 ao 7,95%, sendo o máis baixo dos comparados. A AMV tiña no ano 1991 un índice de sobreenvellecemento do 7,90, acadando o valor de 9,95% no 2001. Pontevedra e Galicia teñen valores máis altos, tanto no ano 1991, 8,73% e 9,20% respectivamente, como no ano 2001, onde Pontevedra acadou o valor de 10,84% e Galicia o 11,49%, sendo o aumento respectivo entre estes dous anos de 2,11 e 2,29 puntos.

6.3 Movemento natural da poboación.


A) Nacementos, casamentos e defuncións.

O estudo do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello do Porriño entre os anos 1997 e o 2003 e en termos absolutos.

No caso dos nacementos, producíronse algunhas oscilacións, aínda que o saldo para o período é positivo, experimentándose un aumento de 27 nacementos, así pasouse dos 147 nacementos do ano 1997 aos 174 do ano 2003. No ano 1998 rexístrase o maior número de nacementos no concello, 187, e no 2002, o número máis baixo do período, 144.

O número de defuncións descendeu neste período pasando das 106 no ano 1997 ás 100 correspondentes ao ano 2003. O ano no que se rexistran maior número de defuncións foi no 2000, cun total de 120, e o ano de menos defuncións deste período foi o 1999, con 98.

Evolución no número de nacementos, casamentos e defuncións
1997-2003




Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE

Os casamentos, experimentaron un pequeno descenso, de 13, ao longo deste período, sendo o fenómeno máis constante dos tres analizados. No ano 1997 rexistráronse 73 casamentos, mentres que no ano 2003, o número de casamentos rexistrado no concello foi de 60.



B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade


A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten dimensionar a súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 no Porriño 9,17%. Dende ese ano a taxa de natalidade experimentou algunha variación, acadando o valor máis alto nos anos 2000 e 2001, cuns valores iguais de 10,01%. No seguinte ano, a taxa decreceu lixeiramente, acadando o valor de 9,27%.

Ademais, hai que sinalar que Porriño é o espazo dos catro comparados con taxas máis altas, como se observa na gráfica, sendo superior a súa taxa ao longo do período analizado. Séguelle a AMV, cunha taxa que tamén experimentou un pequeno aumento, sendo no ano 1998 do 8%, e acadando o valor de 8,98% no ano 2003. Pontevedra, que posuía unha taxa do 7,81% no ano 1998, acadou o 8,58% no 2003. Galicia, experimentou unha pequena recuperación do indicador, aínda que posúe os valores máis baixos, así, a taxa no ano 1998 era do 6,80% aumentando ata o 7,37% no ano 2003.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



A evolución nos casamentos no concello do Porriño, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) experimenta un cambio negativo, como se observa na gráfica anterior, producíndose un decrecemento de 0,86 puntos entre o 1998 e o 2002. Así no ano 1998 a taxa era de 4,49‰, no ano 2003 acadou o valor de 3,63‰. A taxa de nupcialidade nos outros tres territorios mantivo unha traxectoria máis constante, aínda que o saldo do período tamén é negativo, posuíndo valores máis altos que no caso do Porriño. Na AMV pasouse dun valor do 5,05‰ no ano 1998 ao 4,69‰ no 2002. No caso de Pontevedra, do 4,87‰, ao 4,58‰ e en Galicia, do 4,37‰ ao 4,21‰.

Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflexa o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como no Porriño este fenómeno experimenta variacións, sendo o saldo positivo ao final do período. Así, no ano 1998, a taxa de mortalidade era do 7,53‰, chegando ata o 8,49 defuncións por cada 1000 habitantes no ano 2003. O crecemento experimentado na taxa foi polo tanto do 0,97 puntos, sendo ademais o máis alto dos catro comparados, se ben, os valores do concello son os máis baixos, a excepción do último ano, onde a AMV, acada unha taxa máis baixa.

Na AMV a taxa de mortalidade decreceu moderadamente, correspondéndolle un valor no ano 1998 do 7,60‰ e un 7,52‰ no ano 2003. Pontevedra, cunha taxa lixeiramente superior á da AMV, pasou do 8,69‰ do ano 1998 ao 9,03‰ no 2003. Galicia é o territorio analizado con taxas de mortalidade máis altas, sendo a taxa do ano 1998 do 10,31‰ e que no 2003 foi do 10,36‰.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcense en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións.

Como se observa na gráfica a seguir, o saldo vexetativo no Porriño, tivo un crecemento positivo durante o período analizado, sendo, xunto coa AMV, o espazo que mantivo valores positivos ao longo



do período. Así, Porriño partía dun valor no ano 1998 de 1,64%, chegando a un valor no último ano analizado do 2,24%.



O saldo vexetativo na AMV, tamén aumentou entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40%, incrementándose lixeiramente no ano 2002 ata o valor de 0,62%. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88% do 1998 ao -0,49% do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, máis baixos que os de Pontevedra, experimentan tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50% do ano 1998 ao -3,30% do ano 2002.

Os catro territorios comparados están experimentando polo tanto, aumentos positivos e suaves do saldo vexetativo, aínda que unicamente no concello e na AMV é onde as taxas de natalidade están a superar ás de mortalidade.

6.4 Movementos migratorios.


O estudo das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do movemento natural da poboación, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Na análise tómase a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais elaborada polo INE, resultado das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais. Segundo o IGE, o concepto de migración é equivalente ao do cambio de concello de residencia.

A) Emigración

Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fóra do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións




externas son aquelas que teñen destino fóra da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ao estranxeiro.



Fonte: elaboración propia partir de datos do IGE

Analizando a evolución do fenómeno da emigración no Porriño, entre os anos 1990 e 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, aínda que a tendencia clara foi de aumento, así no ano 1990 o número absoluto de emigrantes no concello foi de 203 persoas, e no ano 2004 o número chegou ata 545. Na gráfica obsérvase tres momentos de descenso da poboación inmigrante, entre os anos 1990 e 1991, no que se pasou dos 203 aos 129 emigrantes, entre os anos 1995 e 1996, que se baixou de 262 a 246 emigrantes, e por último, entre o 2000 e 2001, que se descendeu de 370 a 323 emigrantes. A partir dese ano a emigración comezou a ascender, nun primeiro momento, de xeito máis marcado, pasouse dos 323 emigrantes no 2001 a 522 no a no 2002, para estabilizarse relativamente ata o ano 2004.



Fonte: elaboración propia partir de datos do IGE

Como se observa na gráfica precedente, na que se reflicte a evolución da emigración no conxunto da AMV, no mesmo período que no Porriño, pódese dicir, que a traxectoria foi moi similar, sendo a característica principal, a do crecemento constante. No caso da AMV, pasouse dun número de emigrantes no ano 1990 de 4.834 persoas, a 11.835 no ano 2004.

A continuación tense en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fóra da provincia de Pontevedra,



e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores do Porriño cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante no Porriño faíno internamente, un 80,18% fronte ao 19,82% que o fai con destino fóra de Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, son menores aos do Porriño, representando o 67,76%, 68,50 e 71,68%, respectivamente.

A emigración interna cara a provincia representa no Porriño o 93,59%, sendo unicamente do 6,41% a porcentaxe de persoas que emigran cara outra provincia galega. A poboación que decide emigrar a algún concello da mesma provincia é no caso da AMV do 82,30%, en Pontevedra do 80,53% e en Galicia do 81,84%. E a poboación que decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV representa o 17,70%, en Pontevedra o 19,47% e o 18,16% en Galicia.

A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 19,82% do total da emigración no Porriño, está moi marcada pola que emigra cara outra comunidade autónoma, 94,44%, sendo a que emigra cara ao estranxeiro unicamente do 5,56%. As porcentaxes son similares nos outros tres territorios. Así, na AMV o 9,24% das persoas que emigran fóra de Galicia fano ademais ao estranxeiro, e un 90,76% faíno a outra comunidade autónoma. As porcentaxes en Pontevedra son 9,81% para a poboación que emigra ao estranxeiro, fronte ao 90,19% que o fai cara outra comunidade autónoma. E por último, en Galicia, a porcentaxe que emigra ao estranxeiro é de 10,76% mentres que cara outra comunidade autónoma faíno o 89,24%.

Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.
Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	AO Estranxeiro	Total	
O Porriño	409	28	437	102	6	108	545
	93,59%	6,41%	80,18%	94,44%	5,56%	19,82%	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%
Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%


Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE




B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fóra do mesmo.

Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004 no concello. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun claro aumento no número de persoas que ao longo dos 15 anos analizados fixaron a súa residencia no concello do Porriño. No ano 1990 o número de persoas que procedentes doutro concello se asentaron no concello foi de 284, mestres que no ano 2004 o número total de persoas inmigrantes chegadas ao Porriño foi de 589. Ao longo do período producíronse algunhas variacións, como se observa na gráfica, é a partir do ano 2000, con 329, cando comeza o crecemento constante ata o ano 2004.



En relación a evolución do fenómeno inmigratorio na AMV, é interesante sinalar o feito de que ambos territorios posuiron traxectorias moi semellantes, aínda que o inicio da etapa de máis aumento no número de inmigrantes, é anterior, en torno ao ano 1997, como se observa na gráfica correspondente ao territorio metropolitano.



A continuación analizarase a inmigración atendendo á súa procedencia, como no caso da emigración, estudarase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e a inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.

Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.
Ano 2004

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
O Porriño	277	37	314	107	168	275	589
	88,22%	11,78%	53,31%	38,91%	61,09%	46,69%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: INE, Estadísticas de variacións residenciais. IGE

A inmigración interna no Porriño supón o 53,31% do total da inmigración, sendo o 46,69% a poboación que conforma a inmigración externa, provinte doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. Existen poucas diferenzas en canto ao reparto entre inmigración interna e externa en relación á AMV e Pontevedra, mentres que en relación a Galicia, o máis salientable é que na comunidade autónoma a maioría da inmigración, 60,32% é interna, fronte ao 39,68% que inmigran dende fóra de Galicia.

Na AMV a inmigración interna é do 53,62%, e de 55,93% en Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa.

A procedencia da inmigración interna no caso do concello do Porriño, obsérvase como a maioría da poboación faíno dende a mesma provincia de orixe, en termos absolutos 277 persoas, que supoñen o 88,22%, fronte ás 37 (11,78%), que proveñen doutra provincia galega. Nos outros tres territorios incluídos na análise, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%, case o dobre que no caso do Porriño, e, en torno ao 80% a proporción de poboación que inmigra dende algún concello pontevedrés.



En canto á procedencia da inmigración externa, O Porriño recibe a maioría da súa poboación inmigrante do estranxeiro, 61,09%, mentres que o 38,81% provén doutras comunidades autónomas. Así acontece tamén nos caso dos outros tres territorios, aínda que as porcentaxes de inmigración estranxeira son maiores no Porriño. No caso da AMV, a porcentaxe de persoas inmigrantes doutras comunidades autónomas é de 42,11% e de 57,89% do estranxeiro. No caso de Pontevedra a distribución é de 45,50% doutras comunidades autónomas e 44,07% do estranxeiro. En Galicia, a porcentaxe de persoas inmigrantes que chegan doutras comunidades autónomas é de 48,63%, mentres que as que veñen do estranxeiro é de 51,37%.

C) Saldo migratorio

De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudio da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno dentro da mesma provincia, e o saldo migratorio interno co resto de Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro, mostran como no Porriño, entre o ano 1992 e o 2003, produciuse unha variación moi significativa no saldo migratorio, pasando dun valor que xa era positivo no ano 1992, 203, a un valor do 392 correspondente ao ano 2003, o que se traduce nun claro aumento da inmigración en relación á emigración neste período de 11 anos.

O saldo migratorio interno experimentou unha traxectoria semellante. Pasando dun valor do 106 no ano 1992 a un valor do 188 no ano 2003. Pola contra, o saldo interno intraprovincial decreceu neste período aínda que a poboación que chega dende outro concello da provincia superaba nos dous anos á que emigraba cara outro concello pontevedrés. Así, no ano 1992 o saldo era de 130, pasando a acadar o valor de 86 no ano 2003. Sen embargo, as persoas que inmigraron dende outra provincia galega, decreceron con respecto ás que emigraron cara outra provincia galega entre estes dous anos, obténdose saldo internos con Galicia negativos nestes anos, de -24 no 1992 e de -32 no ano 2003.

No caso do saldo migratorio externo tamén se incrementou positivamente, pasándose dun valor do 97 no ano 1992 ao 204 no 2003, o que se traduce nunha maior cantidade de persoas que veñen residir ao concello, dende fóra de Galicia, con respecto ás que o deixan, e especialmente con orixe no estranxeiro. Así mentres que o saldo migratorio externo con España experimentou un descenso absoluto de 5 persoas no período analizado, pasando dun valor de 53 persoas no ano 1992, a un valor de 48 persoas no ano 2003, no caso do saldo migratorio co estranxeiro, en 1992 contábase no



Porriño cun valor positivo de 44 persoas, de xeito que as persoas que emigraban cara ao estranxeiro eran menos que as que chegaban dende fóra de España, variando considerablemente e de xeito positivo esta situación 2003, xa que o saldo migratorio acadou o valor de 156 persoas.


Saldos Migratorios, internos e externos.
Anos 1992 e 2003

Tipo de Saldo Migratorio	O Porriño		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	203	392	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	106	188	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	130	86	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	-24	-32	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	97	204	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	53	48	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	44	156	626	3777	1808	5353	6308	14802

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Tal e como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio positivo de tipo externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e no ano 2003 en 1274 persoas. No caso do conxunto galego entre estes dous anos os valores resultan positivos, de xeito que a poboación emigrante seguiu superando á inmigrante. E nos saldos migratorios externos do conxunto galego, a situación é a contraria, xa que nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores positivos, a excepción do saldo migratorio externo con España do ano 2003, que obtén un valor negativo, de - 3627 persoas. Sen embargo co estranxeiro o saldo segue a ser positivo. Este feito a nivel de Galicia está influído polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma, así os saldo externos co estranxeiro nestes dous anos analizados obtiveron valores de 6308 persoas no 1992 e de 14802 persoas no 2003.





Para finalizar co estudo dos movementos migratorios no Porriño, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto á poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, polo tanto, valores negativos indican que as saídas de poboación superan ás entradas. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello en relación a AMV, Pontevedra e Galicia.

A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas inmigrantes xa superaban ás emigrantes, cunha taxa de 1,05% no concello, sendo moi similar á de Pontevedra, 1,04%, e inferior á dos outros dous territorios, que obtiveron valores do 1,39% na AMV, e 1,25% no conxunto galego. No seguinte ano incluído na gráfica, 2001, a taxa aumenta considerablemente no concello, chegando ao 6,75%, mentres que na AMV, Pontevedra e Galicia tamén aumentou aínda que de xeito máis moderado, cuns valores do 3,88%, 3,11% e 2,62%, respectivamente. No ano 2003, o concello experimenta un forte decrecemento da taxa de crecemento migratorio, acadando o valor do 0,12%. Mentres, na AMV, Pontevedra e Galicia a taxa seguiu crescendo, aínda que dun xeito moito máis suave, correspondéndolle os seguintes valores respectivamente, 4,29%, 4,46% e 4,06%. Por último, no ano 2004, O Porriño recupera a súa taxa de crecemento migratorio, ata acadar o valor de 2,66%, como nos outros tres espazos, que tamén seguen medrando, AMV, 5,14%, Pontevedra 6,01% e Galicia, 5,47%.

6.5 Nivel de formación da poboación.

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómase a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e máis anos en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de estudos. O cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación do Porriño e como se reparte a mesma entre homes e mulleres. Os datos incluídos na seguinte táboa, mostran cómo un 2,24% da poboación do Porriño non sabe ler nin escribir, sendo a porcentaxe de mulleres nesa situación significativamente maior ca dos homes, 75,85% e 14,15% respectivamente. A porcentaxe de poboación que non acadou os 5 anos de escolarización foi do 21,97% da poboación, neste caso as mulleres tamén superan aos homes aínda que dun xeito menos significativo, 57,70% de mulleres, e 42,30% os homes. O 26,27% da poboación non completou o Bacharelato elemental, ESO ou EXB. Neste nivel educativo o reparto é moi igualitario entre homes e mulleres, 50,55% e 49,45% respectivamente. A poboación que completou este nivel educativo representa un 29,12%, sendo a porcentaxe de homes do 53,65% e o das mulleres do 56,15%. No seguinte nivel de estudos, Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU, encóntrase unha porcentaxe de poboación xa máis baixo, 6,95%. Xa no anterior nivel e tamén neste caso, como acontece xeralmente noutros concellos, a medida que se eleva o nivel educativo, as mulleres superan aos homes, correspondéndolle unha porcentaxe do 53,95%, e aos homes do 46,05%. No seguinte nivel contemplado, FPI, no que se encontra un 3,18% da poboación, as porcentaxes están moi igualadas, aínda que tamén é maioría a poboación feminina (54,07%). No caso do FPII, cun 4,53% da poboación total, o reparto entre os sexos é moi similar, sendo a porcentaxe masculina do 44,61% e o feminino do 55,39%.

Nos niveis de estudos superiores, onde se atopan porcentaxes de poboación máis baixas, as mulleres son maioría significativa con respecto aos homes no caso do nivel de Diplomatura, Arquitectura e Enxeñería técnica (3,57% da poboación), 63,03% fronte ao 36,97% da poboación masculina. No caso do nivel de licenciatura, onde se atopa un 2,03% da poboación, a distribución segundo sexo volve a ser favorable ás mulleres, 58,30%, correspondéndolle aos homes a porcentaxe do 41,70% e ás mulleres o 51,229%. E xa por último, en nivel de doutoramento (0,22% da poboación), a distribución é a seguinte, 60,00% mulleres e un 40,00% homes.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo no Porriño (%)
Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	2,24%	14,15%	75,85%
Menos de 5 anos de escolarización	21,97%	42,30%	57,70%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	26,27%	50,55%	49,45%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	29,12%	53,65%	46,35%




Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo no Porriño (%)
Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COPU/PREU	6,95%	46,05%	53,95%
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	3,18%	45,93%	54,07%
FPII, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	4,53%	44,61%	55,39%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	3,57%	36,97%	63,03%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	2,06%	41,70%	58,30%
Doutoramento	0,22%	40,00%	60,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

B) Taxa de analfabetismo

O analfabetismo da poboación mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo no concello, comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Vigo, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación, xa que no apartado anterior, observouse como se distribúe entre a poboación masculina e a feminina o analfabetismo (poboación que non sabe ler nin escribir).



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

No Porriño a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 2,24%, representando en termos absolutos a 294 persoas. Como na maioría dos concellos, o analfabetismo ten maior incidencia entre a poboación feminina, repartíndose a taxa total entre sexos do seguinte xeito, un 1,14% para os homes, algo máis de 2 puntos por baixo da taxa que posúe a poboación feminina, do 3,24%. O número absoluto de homes era de 71, e o das mulleres de 223.



Na anterior gráfica compáranse as taxas de analfabetismo total e as feminina e masculina sobre o total da poboación no concello, AMV, Pontevedra e Galicia. Como se observa, o analfabetismo no Porriño é maior que nos outros territorios. A taxa é lixeiramente superior á galega (2,05%), a de Pontevedra (1,82%) e a bastante por riba da AMV (1,59%).

A maior diferenza atópase ao analizar ás taxas segundo sexo en relación á poboación total. A poboación feminina é a que posúe as taxas máis altas nos catro territorios. Como acontece no Porriño (3,24%), a porcentaxe de mulleres cun nivel educativo de analfabetismo con respecto ao total da poboación é superior á dos homes, no caso da AMV a porcentaxe é do 2,35%, en Pontevedra o 2,65% e en Galicia o 2,98%.

No caso dos homes, o concello tamén ten unha situación de maior incidencia do analfabetismo que os outros territorios, lémbrese, 1,14%. A porcentaxes pertencentes á AMV, Pontevedra e Galicia son similares, 0,75%, 0,89% e 1,03%, respectivamente.

En relación a taxa de analfabetismo da poboación estranxeira, no ano 2001, das 77 persoas que posuían nacionalidade estranxeira (33 homes e 44 mulleres), ningunha delas atopábase en situación de analfabetismo.

C) Tipo de estudos da poboación

A seguinte táboa ofrece datos sobre a porcentaxe de poboación de 16 anos e máis en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran que hai dúas categorías maioritarias, a de Ciencias sociais, 29,67% da poboación e, Formación técnica e industrias, 19,48%. Na primeira son maioría as mulleres (67,56%) fronte aos homes (32,44%), e na segunda son maioría os homes fronte ás mulleres, sendo tamén maior a diferenza entre ambos sexos, 79,07% e 20,93%, respectivamente. O terceiro tipo de estudio maioritario é o de Saúde e servizos sociais, representando un 10,19% do total da poboación. Neste caso, as mulleres son maioría, 75,56%, fronte aos homes, 24,44%. Cunha porcentaxe moi similar segue a poboación cun tipo de estudos encadrados dentro da categoría Maxisterio e educación infantil, con 10,02% da poboación. As mulleres representan nesta categoría o 73,45%, mentres que os homes son o 26,55%. Como acontece noutros concellos, as mulleres están formadas en estudos que as capacitan para realizar actividades que teñen que ver cos servizos sociais e á comunidade, en maior porcentaxe que os homes, máis especializados en estudos relacionados coa industria e ocupacións técnicas. Así, ademais do reparto entre sexo xa vistos, no caso dos estudos de enxeñerías, os homes representan o 68,35%, e as mulleres, un 41,65%. A pesar das diferenzas, no Porriño, dado o seu maior carácter urbano, estas diferenzas non son tan marcadas como noutros territorios con características máis rurais da mancomunidade.



Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo sexo e o tipo de estudos no Porriño
Ano 2001

Tipo de estudos	Total	Homes	Mulleres
Dereito	2,38%	40,48%	59,52%
Maxisterio e educación infantil	10,02%	26,55%	73,45%
Ciencias sociais	29,67%	32,44%	67,56%
Artes e humanidades	6,23%	27,27%	72,73%
Informática	3,23%	50,88%	49,12%
Enxeñerías	4,47%	68,35%	31,65%
Formación técnica e industrias	19,48%	79,07%	20,93%
Ciencias	4,70%	37,35%	62,65%
Arquitectura e construción	1,98%	60,00%	40,00%
Agricultura, gandería, pesca e veterinaria	1,19%	52,38%	47,62%
Saúde, servizos sociais	10,19%	24,44%	75,56%
Outros servizos	6,46%	20,18%	79,82%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

D) Lugar de estudo da poboación

O seguinte cadro, amosa o lugar de estudo da poboación do Porriño non ocupada de 16 anos e máis anos, tendo en conta o sexo para o ano 2001. Case a metade da poboación, 47,50%, estuda no concello, mentres que un 35,67%. Nestes dous casos, obsérvanse diferenzas con respecto aos outros tres territorios, especialmente con respecto á AMV, onde o 65,18% estuda no seu concello de residencia, e un 17,41% noutra concello da provincia. No caso da poboación que estuda noutra provincia, no Porriño a porcentaxe é do 12,62%, moi similar á AMV, onde o fai un 11,11%. En Pontevedra faíno un 16,72%, e en Galicia o 13,53%.



Poboación de 16 e mais anos non ocupada segundo sexo e lugar de estudo.
Ano 2001



Elaboración propia a partir de datos do IGE.

En canto á poboación que estuda noutra comunidade autónoma, O Porriño posúe a porcentaxe máis baixa dos 4 comparados, correspondéndolle un 1,75%, sendo as porcentaxes correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia moi similares, 2,86%, 2,87% e 2,98%, respectivamente. O mesmo acontece coa poboación que estuda no estranxeiro, neste caso ningunha das porcentaxes acada o 1%, sendo o correspondente a O Porriño de 0,79%, de 0,81% na AMV, 0,93% en Pontevedra, e de 0,87 en Galicia.

E) Educación non universitaria


No curso académico 2003/2004, O Porriño contaba con 3.368 alumnos e alumnas matriculados en ensinanza non universitaria, dos cales, 2.665 facían en centros públicos, mentres que 705 estudaban en centros privados.

O reparto desta poboación segundo etapas educativas concéntrase principalmente na educación primaria e secundaria, con porcentaxes de 36,25% e 28,83. No primeiro caso as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, atópase en torno aos 3 puntos por baixo, e no da educación secundaria, nun punto por baixo. A maioría da poboación atopábase matriculada en centros da rede pública: en primaria, das 1221 persoas, 921, e 300 en centros privados; en secundaria, das 971 persoas matriculadas, 724 o facían en centros públicos e 247 en centros privados.

A porcentaxe de poboación na etapa de educación infantil era do 14,49%, algo menos dun punto por baixo dos outros espazos, e o reparto entre centros públicos e privados era tamén maioritario na rede pública, das 488 matrículas, 361 eran en centros públicos, e 127 en privados.

Nas ensinanzas de Educación de adultos, atopábanse un 3,74% da poboación, 129 persoas, todas elas en centros públicos. Ao contrario da Educación especial, cunha porcentaxe de 0,86%, sendo 29 persoas estudando en centros privados.





6.6 Vivenda.


Os datos referidos á situación da vivenda no concello do Porriño foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censual”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.

A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 no Porriño era de 5.821, representando o 3,01% do total e vivendas da AMV. Delas, 4.605 eran vivendas principais o que representa un 79,11%, o número de vivendas secundarias era de 411, o 7,06% do total. As vivendas baleiras, superaban a estas, sendo 804, representado un 13,81% do total. O número de edificios era nese ano de 3.847, o que supón unha porcentaxe do 66,09%, e o número de locais 903, que representan o 15,51%.

Como se observa na gráfica a estrutura da vivenda segundo o seu tipo é moi similar entre os catro territorios comparados, sendo o tipo maioritario o de vivenda principal. A diferenza máis salientable atópase na maior porcentaxe de locais no concello que nos outros territorios e na menor porporción de vivendas secundarias, que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia é superior case que en 4 puntos.






Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En canto á porcentaxe de vivendas principais que posúen segunda vivenda, no Porriño no ano 2001, representaban o 6,21%, mentres que na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba tamén de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10, 71%.

B) Réxime de tenza da vivenda

No relativo ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é o de “En propiedade por compra, totalmente pagada”, no que se encontran 2006 das 4605 vivendas, o que supón o 43,56%. As porcentaxes para a AMV, Pontevedra e Galicia, son moi similares, 44,31%, 45,01% e 43,51%, respectivamente.

O segundo réxime maioritario é o da vivenda en Propiedade por herdanza ou doazón, 23,91%, estando por riba dos demais territorios, aínda que máis próximo a Galicia, 21,44% e Pontevedra, 20,81%, e a máis distancia da AMV, 14,10%.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE.

O terceiro grupo maioritario no concello, aínda que representando unha porcentaxe de menos da metade do primeiro é o réxime de tenza “En propiedade, por compra, con pagos pendentes”, no que se atopan un total de 824 vivendas, o que ben representar o 17,89%. Este réxime ocupa unha



proporción similar na AMV, cun 16,07% da vivenda, mentres que en Pontevedra e Galicia é algo minoritario, 13,15% e 12,57% respectivamente.

A porcentaxe de vivendas baixo o réxime de aluguer, representan o 5,06% no concello, sendo o minoritario, e situándose tamén por baixo da porcentaxe que ocupa nos outros tres espazos, na AMV representa o 14,49%, o 10,51 en Pontevedra e o 10,50% en Galicia.

Baixo o réxime “Outras formas”, atópanse tamén un 9,58% das vivendas do Porriño, habendo en torno ao punto de diferenza con respecto aos outros tres espazos comparados.

C) Principais problemas da vivenda e do contorno

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, analizados a través dos principais problemas identificados e recollidos no Censo de poboación e vivendas do ano 2001 elaborado polo INE.

No concello o principal problema identificado é o da “Pouca limpeza nas rúas”, cunha porcentaxe do 34,31% das vivendas analizadas. Nos outros espazos as porcentaxes son superiores ás recollidas para o concello, condicionado polo peso das zonas urbanas, no caso da AMV sinálase nun 48,86%, nun 40,41% en Pontevedra. En Galicia sinálase por unha porcentaxe inferior ao concello. e en Galicia no 30,50%.

O seguinte problema con maior incidencia no concello é o das poucas zonas verdes, cunha porcentaxe do 32,53%. Neste caso a AMV sitúase por riba, cunha porcentaxe do 46,33%. Pontevedra, cun 37,75%. En Galicia, co 30,75%, sinalan este problema nunha proporción inferior ao concello. Sinalar que este é o problema maioritario identificado no conxunto de Galicia.

Cunha porcentaxe moi similar atópase o problema da existencia de ruídos exteriores, neste caso nunha porcentaxe do 32,14%. A porcentaxe da AMV é moi similar, 33,37%. En Pontevedra ten menor incidencia, 25,04% e menos aínda no conxunto galego, 20,14%.


Segue o problema da contaminación, cunha porcentaxe do 31,86%. Neste caso supera aos tres espazos comparados, así, na AMV a representa o 21,84%, un 18,15% en Pontevedra e o 14,00% en Galicia.

As malas comunicacións é un problema sinalado nun 29,79% dos casos no Porriño. Supérao por pouco a AMV, 30,34% e ten menor incidencia a nivel provincial, 26,34% e autonómico, 21,34%.

O problema da delincuencia sinálase nunha porcentaxe do 19,39%. A AMV, é o espazo onde este problema ten maior peso, 23,93%. E menor que no Porriño no caso de Pontevedra e Galicia, cunhas porcentaxes do 17,69% e 13,67%, respectivamente.



Por último, o problema que ten que ver coa “Falta de servizos de aseo na vivenda”, sinalase nunha porcentaxe do 1,28% no concello, mentres que nos outros tres espazos tampouco se superan o 1,5%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes así como tamaño medio da mesma. Voltando aos datos do Censo do ano 2001, no Porriño, a maioría das vivendas contabilizadas son de 4 residentes, 1217 vivendas, representando o 26,43% e estando por riba da AMV (23,06%), Pontevedra (22,15%) e Galicia (19,74%). As vivendas de 1 e 5 residentes compartes valores similares, 12,31% e 13,75%, respectivamente. No caso das primeiras, na AMV, Pontevedra e Galicia, compártense valores similares e superiores, en torno ao 18%. As vivendas de 5 residentes, pola contra, teñen menos representación nestes espazos, cunha porcentaxes similar arredor do 9%.


As vivendas de 3 residentes son o 20,85% no Porriño, porcentaxe lixeiramente menor ao da AMV, Pontevedra e Galicia, que novamente comparten valores semellantes en torno ano 22%.

Con 2 residentes atópase unha porcentaxe de vivendas no Porriño do 16,94%. Neste caso, atópase en torno aos 5 puntos por baixo do que representan estas vivendas nos outros tres espazos.

As vivendas de 6 residentes supoñen o 8,73% no concello, mentres que nos outros tres espazos representan unhas porcentaxes en torno ao 6%.



Comparación do número de residentes por vivenda.
Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


En canto ao tamaño medio do fogar, O Porriño posúe un valor do 3,5 persoas por vivenda, que é lixeiramente superior ao dos outros tres espazos, AMV (3,24), Pontevedra (3,1) e Galicia (3,00).

7 MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a O Porriño. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.

Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Traballo.

Evolución das taxas de actividade e ocupación
1996-2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No período que vai entre 1996 e o 2001, o concello do Porriño experimentou un crecemento nas súas taxas de actividade e ocupación debido ao aumento producido nas cifras de poboación, que se traduciu nun aumento da poboación maior de 16 anos, pero sobre todo nun aumento da poboación ocupada. Isto fixo que as taxas do concello se consolidasen por riba das taxas da AMV, Pontevedra e Galicia.




Características da poboación maior de 16 anos
Ano 2001

	Poboación maior de 16 anos	Activos /as	Ocupados /as	Inactivos					
				Total	Xubilados /as	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	6.259	4.526	4.123	1.733	909	213	424	33	154
Mulleres	6.870	2.788	2.225	4.082	631	603	675	2.057	116
Total	13.129	7.314	6.348	5.815	1.540	816	1.099	2.090	270

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Na anterior táboa están os datos sobre as características da poboación maior de 16 anos en relación coa a actividade do Porriño. Aquí pódense apreciar as diferenzas que hai entre a poboación masculina e feminina do concello. Así mentres que para as mulleres o número de inactivas é maior que o de activas, para os homes pasa exactamente o contrario. Tamén se observa como a distribución da poboación inactiva nas diferentes categorías é distinta, tendo un peso moi importante para as mulleres os epígrafes de tarefas do fogar e de estudantes, mentres que para os homes eran os de xubilados e estudantes. Este feito é significativo dunha menor incorporación da muller ao mercado de traballo.




Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

O número de persoas desempregadas do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 997 parados (xullo 2004) e os 1225 parados (xaneiro 2005). Ao final do período a cifra total de desemprego era un 7,55% maior que a de xaneiro do 2003, acadando unha cifra de 1225 persoas desempregadas.



Porcentaxe de variación do paro con respecto ao mesmo mes do ano anterior
xaneiro 2003-xaneiro 2005




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

7.1 Actividade

A taxa de actividade do concello do Porriño situouse no 2001 no 55,71%, o que supuxo un avance con respecto ao valor do 1996 de 4,29 puntos porcentuais. Isto fixo que se mantivera por riba dos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.

Taxas de actividade
Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Unha das causas desta alza na taxa de actividade hai que buscala na subida experimentada polo nivel de actividade feminino, posto que o seu valor creceu máis de 6 puntos no período 1996-2001, mentres que a taxa masculina o facía en case 2 puntos. Con todo e isto, a taxa de actividade feminina segue a estar moi por baixo da masculina, representando o 56,12% da taxa de actividade masculina. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, se comparamos este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese como, mentres que a taxa de actividade masculina



presenta unhas cifras claramente superiores aos destes territorios, a feminina atópase por baixo da taxa da AMV e lixeiramente por riba aos de Pontevedra e Galicia.

Outras causa do aumento da taxa de actividade hai que buscalas en:

- Ao crecemento da poboación no concello do Porriño. Entre o ano 1996 e 2001 os efectivos demográficos aumentaron en 327 persoas, o que supuxo unha medra dun 2,08% do número de persoas residentes. Esta suba da poboación afectou sobre todo ao grupo de persoas maiores de 16 anos que aumentou nun 6,08%.
- Ao ascenso experimentado polo número de persoas activas e á redución das inactivas. Este feito afectou sobre todo ao sector feminino da poboación, posto que dentro das persoas inactivas o colectivo que experimentou un maior descenso foi o das amas de casa.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No que se refire á distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo do Porriño, posto que a taxa feminina supón o 56,12% da taxa masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 72,31%, mentres que a feminina tan só era do 40,58%, sendo polo tanto o diferencial de 31,73 puntos porcentuais.


A xeito de conclusións sobre a actividade no mercado de traballo do Porriño podemos sinalar o que segue:

- A subida da taxa de actividade global fixo que se mantivese por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia.
- Esta subida tivo especial incidencia na poboación feminina, pero, malia isto, as diferenzas entre sexos seguen a ser grandes.




7.2 Ocupación

A taxa de ocupación no concello do Porriño, ao igual que a de actividade, experimentou unha subida no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 40,26%, no 2001 pasou ao 48,35%, o que supuxo unha alza de 8,10 puntos porcentuais.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Isto fixo que a taxa de ocupación se mantivera por riba das taxas da AMV, Pontevedra e Galicia. Así, hoxe en día as taxas de actividade destes territorios están nos 46,66%, 45,65% e 44,33%, respectivamente.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel de sexos a situación varía, posto que mentres que para os homes o nivel de ocupación está por riba do da AMV, Galicia e Pontevedra, para as mulleres a ocupación sitúase lixeiramente por baixo destes tres territorios





Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Por outra banda, ao analizar a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, que no ano 2001 supuña o 47,11%. Este valor sitúase por baixo dos da AMV, Pontevedra e Galicia, que estaban no 60,53%, no 56,48% e no 57,92%, respectivamente.

En segundo lugar, preto do sector servizos, atópase o sector industrial, que dá emprego ao 39,15% dos traballadores do concello. Esta porcentaxe é superior ás da AMV, Pontevedra e Galicia, onde o sector representa o 25,53%, o 22,03% e o 18,70% do emprego.


A construción ocupa o terceiro lugar en importancia de emprego, dando ocupación ao 11,67% dos traballadores do Porriño. Esta porcentaxe é superior á da AMV (9,15%), pero inferior ás de Pontevedra (12,22%) e Galicia (12,32%).

Por último, as actividades agrogandeiras teñen un peso bastante reducido no Porriño, posto que só representa o 1,30% dos ocupados, porcentaxe que está por baixo da provincial (4,16%) e da autonómica (7,66%), pero lixeiramente por riba da Área Metropolitana de Vigo, onde a agricultura e gandería posúen un peso menor dos ocupados, posto que este tan só supuña o 1,05%.

A actividade pesqueira, no concello do Porriño ten unha importancia moi residual no emprego (0,77%), posto que estamos a falar dun concello do interior.



Porcentaxe de poboación ocupada por sectores de actividade económica
1996 e 2001




Fonte: Padrón 1996 e Censo 2001. IGE

Esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar cambios na ocupación por sectores económicos do concello do Porriño:

- Hai unha perda de peso no emprego do sector agrogandeiro, que cae 2,96 puntos porcentuais, debido a unha perda de poboación que traballe no sector que foi absorbida polo resto de sectores económicos.
- O sector servizos foi o que máis medrou en emprego durante o período, subindo en 841 persoas, o que representa un crecemento do 37,98%.


Poboación ocupada por sectores económicos e sexos.
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE



No que se refire a distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas as actividades de servizos (63,33%), a dos homes está máis repartida entre industria (43,12%) e os servizos (38,02%).



Fonte: Censo de poboación e Vivenda. IGE


Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte teñen a condición de asalariados, posto que no ano 2001 o 84,52% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Esta cifra está ao mesmo nivel da AMV, que era do 84,57%, pero por riba das de Pontevedra e Galicia, que acadaban o 80,20% e o 76,80%, respectivamente.

Dentro do colectivo de asalariados, son os fixos os que teñen un maior peso acadando unha cifra do 57,24% dos ocupados totais, mentres que os eventuais só supúñan o 27,28% dos ocupados. Sendo a taxa de temporalidade no emprego do 32,27%, o que a sitúa por baixo das da AMV, Pontevedra e Galicia, que no 2001 eran do 34,31%, 38,09% e 36,59%.

Por outra banda, o empresariado representa o 15,20% dos ocupados do concello, cifra que está por riba da mostrada pola AMV (14,90%), pero por baixo da de Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 57,61% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, pódese ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número ao das mulleres, agás para os catalogados como *outras situacións*, *as axudas familiares* e *os membros de cooperativas*. Tamén se pode ver que as mulleres do Porriño están sometidas a unha temporalidade por riba da dos homes, posto que no ano 2001 a taxa de temporalidade na man de obra feminina era do 40,22% mentres que a masculina era do 27,83%.





Fonte: Censo de poboación e vivenda. IGE

1. Dirección das empresas e das administracións públicas
2. Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais
3. Técnico/as e profesionais de apoio
4. Empregados/as de tipo administrativo
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as
6. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
7. Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería
8. Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores
9. Traballadores/as non cualificados
10. Forzas armadas

No que se refire á poboación ocupada por profesión, no Porriño podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería*, cun 23,95% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores*, cun 21,54%. Mentres que os *traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as* ocupaban o terceiro lugar representando o 12,26%. O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos que non pasan do 12%.

Se estudamos a poboación ocupada por profesión e sexo, pódense apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria e a construción, por esa orde de importancia, mentres que a das mulleres estano cos servizos e a industria. Para os homes, no ano 2001, as profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería* (33,01%) e os *operadores de instalacións e maquinaria* (23,72%). Mentres que para as mulleres as profesións que máis ocupación tiveron no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración* (21,64%), os *operadores de instalacións e maquinaria* (17,65%). Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que 391 homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só 216 mulleres do Porriño chegaban a este tipo de postos. Pola contra nos postos de técnicos/as e profesionais de apoio hai máis mulleres que homes (170 mulleres fronte a 107 homes).

Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- O crecemento da taxa de ocupación global fixo que se mantivera por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia.
- As diferenzas entre sexos reducíronse no período 1996-2001, pero aínda continúan a ser moi altas.



- O mercado do traballo do concello ten un claro sesgo cara o sector terciario e o sector industrial.
- No período 1996-2001 o sector servizos foi o que gañou máis peso no emprego.
- Os traballadores asalariados do Porriño soportan unhas taxas de temporalidade no emprego menores que as do contorno, afectando, en maior medida, ás mulleres do concello.
- A man de obra do Porriño ten unha cualificación media-baixa, estando centrada, sobre todo, en profesións relacionadas coa industria e os servizos.

7.3 Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinadas persoas desempregadas non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar ao mundo laboral.

Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así e todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello do Porriño.


Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:

- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.




- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego do Porriño coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen as persoas desempregadas.

No concello do Porriño o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en xaneiro 2005, con 1225 persoas desempregadas, e o seu valor mínimo en xullo de 2004, con 997 persoas desempregadas. Durante este período, o desemprego incrementouse nun 2,51%, pasando das 1195 persoas paradas de xaneiro de 2003, ás 1225 de xaneiro de 2005.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


Na gráfica anterior podemos observar a evolución da cifra de paro rexistrado durante o período xaneiro 2003-xaneiro 2005. Nela apréciase como na existe unha estacionalidade nas subas e baixas das cifras de paro rexistrado. Deste xeito, o número de persoas desempregadas acada os seus valores mínimos nos meses de xullo a setembro, e os máximos de decembro a marzo.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC




Comparando os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar como no 2004 as cifras de paro estiveron por baixo das de 2003 durante a maior parte do ano, ata o mes de outubro. Posteriormente, novembro a decembro, a cifra de paro do 2004 superou á de 2003.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior represéntase a comparativa das evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia a cifra de desemprego de cada un dos territorios correspondente a xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así, pódese observar como as cifras do paro rexistrado tiveron unha evolución moi parella nos tres territorios, sendo o crecemento do Porriño (2,51%), superior aos da AMV (1,71%) e Galicia (1,72%), pero inferior ao de Pontevedra (5,66%).




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Ao estudar a distribución e evolución do desemprego do concello do Porriño por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. As diferenzas en número entre un e outro sexo mantivéronse durante o período entre as




332 (maio 2004) e as 439 (marzo 2003) persoas paradas. A poboación parada masculina estivo flutuando entre os 352 e os 412 parados, mentres que o número de mulleres paradas o facía entre as 683 e as 819 paradas. Os dous medraron durante o período, sendo maior a subida experimentada pola poboación masculina (4,83%), que pola feminina (1,37%). De todos os xeitos, ao final do período o número de mulleres paradas case duplicaba ao de homes.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, temos que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de persoas desempregadas, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2004 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 56,17% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos so supuña o 15,43%. Polo tanto se tivéssemos en conta as taxas de paro por grupo de idades teríamos que estas son máis altas para os mozos e mozas do Porriño que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica podemos ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global e ademais



foron os que máis medraron no período. Ademais na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. As persoas desempregadas que proviñan deste sector chegaron a representar o 39,43% en xaneiro do 2005.

O seguinte grupo de parados en importancia é o dos que proveñen da industria. Este colectivo chegou a representar en xaneiro do 2003 o 29,46% das persoas desempregadas do Porriño. A este séguelle o colectivo de persoas *sen emprego anterior* que chegaron a acadar unha porcentaxe do 25,68% en xuño do 2004. Os parados que proveñen da construción que acadaron a porcentaxe máxima do 10,67% en xuño do 2004, constitúen o cuarto grupo en importancia.

Por último, a agricultura presenta os valores máis baixos xa que non se pasa da porcentaxe do 3,5%. Este feito débese a que xeralmente o traballo neste sector faise a través de explotacións de tipo familiar onde non se soe empregar traballadores por conta allea o que fai que o volume de persoas desempregadas sexa baixo e estable no tempo.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- Durante o período analizado a cifra de paro rexistrado medrou un 2,51%.
- A variabilidade das cifras de paro rexistrado son debidas á alta temporalidade no emprego do sector servizos.
- O problema do desemprego ten unha especial incidencia en valores absolutos nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

7.4 Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral das persoas desempregadas, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.

A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de *“implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo,*



sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego”.

A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego

No concello do Porriño a figura encargada de levar a cabo as políticas activas de emprego é a *técnica de emprego*, que ten atribuídas unha serie de funcións establecidas na orde pola que se regula a súa contratación e funcionamento e, nese marco, ofrecen aos emprendedores un conxunto de servizos que se concentran ao redor das seguintes labores principais:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.
- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilita-la súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento ás persoas desempregadas, en estreita coordinación con outras unidades do Servicio Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autónoma, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello do Porriño non ten ningunha liña propia, pero a técnica de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:



- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.
- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

C) Accións de desenvolvemento rural

O concello do Porriño está dentro do ámbito de actuación do PRODER II, que xestiona a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade de Vigo (ADR). Este proxecto basease na nova política europea de desenvolvemento rural, que propón establecer un marco coherente e duradeiro que garanta o futuro sostible das zonas rurais e contribúa ao mantemento e creación de emprego. Polo que se estableceu unha estratexia de desenvolvemento que persigue no seu conxunto un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico.

Para iso a ADR considerou oportuno apostar firmemente pola utilización de novos coñecementos e tecnoloxías no medio rural, xa que na actualidade nos atopamos nos limiares dunha nova revolución industrial. Polo que a estrutura adoptada parte de tres liñas directrices, interrelacionadas entre si e desenvolvidas en cinco ámbitos de actuación que se materializan a través de 10 actuacións diferentes que dan finalmente lugar a 20 accións concretas:

- *Liña directriz 1* - “Rede rural para o desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (NTICs)”
 - Fomento do uso destas NTICs entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolle instrumentos, medios e asistencia.
- *Liña directriz 2* - “Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs”
 - Reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercio.
 - A creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade debido aos cambios nos modos de vida (acceso da muller ao emprego, maior tempo de ocio, avellentamento da



poboación, maior concienciación pola natureza, aparición de novos mecanismos de acceso ao traballo, etc.).

- Reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización dos recursos, debido á variedade de espazos naturais, tradicións e patrimonio que posúe a área e que aínda están sen explotar.

- *Liña directriz 3 - “Servizos de proximidade”*

- Un proxecto piloto baseado nos teleservizos económicos-administrativos, dando prioridade ao acceso á información pública, ás transaccións en liña coas administracións, aos procedementos de contratación dixital e aos servizos sociais e culturais.

O obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento sostido dos espazos rurais da Área de Vigo a través dun enfoque global e integrador que evite as disparidades territoriais que se están producindo. Si ben, este obxectivo xeral se pode concretar nuns máis específicos que se detallan de seguido:

- Reducir o illamento que sofre a poboación do medio rural, así como axudar a diminuír os desequilibrios espaciais.
- Afianzar as relacións tanto económicas como sociais.
- Revalorizar os recursos endóxeos das distintas zonas que conforman a área de Vigo tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

8 ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello do Porriño dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servidos estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.



- Sectores produtivos e actividades económica, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.


8.1 Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento

Para o nivel de renda do concello do Porriño empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense os exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendimento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda) e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia, pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto aos outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.

A) Nivel de renda

O Concello do Porriño contaba con 5.759 declarantes no ano 2003 o que supuña o 3,26% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar nos últimos anos, pasando dos 5.007 do ano 1999, aos 5.759, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo un crecemento de 752 persoas, é dicir, un 15,02%.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE



Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes do Porriño, podemos observa como a maior parte dos mesmos está nos tramos máis baixos de renda, o que é indicativo dun nivel de riqueza baixo. É dicir, o 55,67% das persoas que fixeron a súa declaración do ano 2003 teñen unha base imponible inferior aos 12.000 €. Deste xeito o rendimento medio declarado no concello do Porriño está por baixo da media da área metropolitana e de Galicia, situándose en 13.499,17 €, o que supón o 85,43% da AMV, o 93,87% de Pontevedra e o 97,11% da galega.

Porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa procedencia
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas porriñesas, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como o 81,42% das mesmas proceden do traballo, valor este que está lixeiramente do da área metropolitana, pero moi parello ao de Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero xa a moita distancia, están os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 9,31%. Por último as rendas que proveñen de actividades empresariais e profesionais teñen o nivel máis baixo, non pasando ningunha delas do 6%.

B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello do Porriño foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Concello	O Porriño	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	4	4	4
Índice industrial	200	1792	6159
Índice comercial	60	2085	6088
Índice comercial polo xunto	105	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	34	1962	5936

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa



Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Índice de restauración e bares	44	2056	6499
Índice turístico 2003	13	1137	3095
Índice turístico 1998	14	1158	2959
Índice actividade económica 2003	97	1763	5484
Índice actividade económica 1998	59	1765	5679

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa

Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores sobre, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.

Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500

O concello do Porriño ten un nivel económico de 4, o que o sitúa no estrato de 9.300 a 10.200 euros, no mesmo estrato que a provincia e a comunidade autónoma.

Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.



O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello do Porriño este índice acadou un valor de 14, o que indicativo do pouco peso que ten o turismo no concello, que ao ser un concello cunha economía baseada na industria, conta con pouca infraestrutura no sector.

Índice de restauración e bares

A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é o total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 44 no ano 2003, o que é indicativo dunha certa actividade do sector. Pero se comparamos este valor cos de Pontevedra e Galicia, dámonos conta do pouco peso do concello no contexto, xa que sobrepasaron nestes dous territorios os 2000 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello do Porriño foi de 200, o que ven a representar a importante actividade industrial que ten o concello e o peso do mesmo a nivel provincial e autonómico, posto que para Pontevedra e Galicia, o índice superou os 1700 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo

Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O



valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 60, sendo superior ao do comercio polo miúdo (34), pero inferior ao do comercio polo xunto (105). O concello constitúe un importante núcleo comercial dentro do Val da Louriña (Mos, O Porriño e Salceda de Caselas). Ademais as dúas áreas industriais que están radicadas no concello, constitúen importantes núcleos de distribución de mercancías polo xunto.

Índice de actividade económica

Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.


No Porriño o índice acadou no ano 2003 un valor de 97, atópase lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, pero sitúao en segundo lugar da área metropolitana, unicamente por detrás do concello de Vigo que acadaba un nivel de 728.

8.2 Sectores produtivos e actividade económica

Para estudar os sectores produtivo e a actividade económica do Concello do Porriño botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregouse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.


A pesar diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada unha delas por estrato de asalariados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.





O Concello do Porriño contaba no ano 2003 con 1277 empresas, o que representa o 4,22% do número de empresas da AMV, constituíndo o terceiro concello da área por número de empresas. Ademais, o número de empresas mantivo unha tendencia alcista durante o período 1999-2003, incrementándose en 201 novas entidades, o que supón un crecemento do 18,68%.

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina a 892 empresas, e representa o 69,85% do total. Aínda así, esta proporción é inferior as manifestadas pola área metropolitana (81,16%), Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a industria (incluíndo a minaría), con 228 empresas o que supón o 17,85% das empresas do concello. E por último, a construción, que conta con 157 empresas e representa o 12,29% do empresariado.



Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, o 86,06% das entidades empresariais porriñesas tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas (0 a 9 asalariados), o 10,88% tiña a catalogación de pequena empresa (10 a 49 asalariados), o 2,66% das empresa estaba no tramo de 50 a 249 asalariados e só había 5 empresas de máis de 500 empregados.



Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 46,99% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, supúñan o 41,11%. Ademais, había 93 S.A., 6 cooperativas e 53 empresas con outra forma xurídica.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello do Porriño, teríamos que dicir que se trata dun autónomo ou dunha sociedade limitada que realiza unha actividade englobada no sector servizos ou na industria e cun número de empregados de 0 a 9.


A) Sector primario

O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira. Ademais, para a análise dos subsectores de forestais e tívose en conta os datos da Consellería de Medio Ambiente e para a minaría os da Consellería de Innovación e Industria.


Agricultura e gandería

No ano 1999, o censo agrario do Porriño, indicaba que había unhas 1.410 explotacións dedicadas ás labores agrogandeiras, empregando a 2.512 persoas entre titulares (1.390), cónxuxes (702) e axudas familiares (420). Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 84 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade agrogandeira.



En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o grupo máis numeroso constitúeno os titulares de 65 e máis anos, que supoñen o 36,83% do total. Ademais, poderíase dicir que a media de idade dos titulares de explotacións é bastante alta, posto que o 62,09% dos mesmos ten máis de 55 anos, e ademais, os menores de 34 anos só representan o 4,75%, co que o relevo xeracional non está garantido. Todo isto conforma un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias, ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara a outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a industria.

O Porriño conta cunha cabana gandeira de 998 cabezas, onde os porcinos teñen un peso moi importante, posto que o 39,28% gando pertence a este grupo. A este, séguelle os bovinos (18,64%), os ovinos (17,99%) e as aves (15,73%). O resto das especies teñen unha importancia bastante residual, constituíndose na maioría dos casos en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



Fonte. Censo agrario. INE


En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro do Porriño ten un marcado carácter de autoabastecemento, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas producións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación.

Forestal

O Concello do Porriño conta con 2006 ha. dedicadas a superficie forestal, o que ben a significar o 58,97% da superficie agraria do concello e o 32,77% da superficie total do concello.



Distribución da superficie total das explotacións



Fonte: Censo agrario. 1999

No que se refire ao réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a da propiedade privada, posto que o monte mancomunado só ocupa o 19,97% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
O Porriño	7	998,30	19,97

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

En canto aos traballos forestais, hai que dicir que o concello conta con 11 empresas dedicadas á explotación dos recursos madeireiros, das que 7 traballan o serrado e preparado de madeira, 2 realizan explotación forestal e/ou almacenistas de madeira, e 2 realizan unha labor mixta na que se engloban as dúas actividades anteriormente comentadas.

Minaría

O sector mineiro no concello do Porriño ten un peso fundamental na súa economía. Actualmente hai 45 canteiras que dan traballo directo a 600 empregados e que converten ao municipio como o enclave graniteiro máis importante de España. As canteiras abarcan 4.000.000 de metros cadrados dos que se explotan hoxe día 1.200.000. Ao ritmo actual de explotación as reservas durarán cen anos.

O gran lanzamento das canteiras produciuse nos anos 60 e 70 cando o granito rosa Porriño comeza a exportarse a todo o mundo, principalmente a Italia. Hoxe en día as exportacións de granito teñen a Portugal como principal destinatario, pero tamén se exporta cara USA, Francia, Alemaña, etc.




No ano 1999, a Xunta puxo en marcha en o Centro Tecnolóxico do Granito, pero nel aínda non se está investigando. A propiedade das instalacións pasou da Xunta a un padroado no que están involucrados as empresas do sector e a administración, que é a que coordina.

De momento estase traballando no plan director que definirá as súas funcións e dotación. O centro, dispoñerá dun laboratorio de ensaio, no que se investigará para incrementar o valor engadido da súa produción.

B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, as industrias mecánicas, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, se pode contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.



Fonte: central de balances. IGE

No Porriño o sector secundario está composto por 335 empresas, das que 178 se corresponden coa industria e 157 coa construción. Este sector estivo medrando en número de empresas pasando das 263 ata as 335, o que supuxo un crecemento porcentual do 27,38%. Ademais as dúas actividades estiveron a medrar en emprego, de xeito que no período 1996-2001, a industria incrementou nun 30,54% o número de empregados e a construción nun 32,11%.

Industria

A industria do concello do Porriño estaba conformada, no ano 2003, por 178 empresas que aglutinaban o 39,15% de emprego do concello e representaban o 12,29% do censo empresarial. Este subsector, como xa se comentou anteriormente, estivo medrando no que se refire ao número de empresas e emprego xerado, sendo a taxa de crecemento do 28,06% no período 1999-2003, no caso do número de entidades, e do 30,54% no período 1996-2001, para o emprego xerado polas mesmas.



Estas 178 empresas supoñen o 7,38% do censo de empresas industriais da área metropolitana, constituíndo o segundo concello por número de empresas do sector industrial dentro da área metropolitana, e dispón de dúas das maiores áreas industriais da zona.

Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:

Actividade	Nº de empresas
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	20
Industria téxtil e da confección	10
Industria da madeira e da cortiza	21
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	10
Industria química	8
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	6
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	36
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	36
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	11
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	2
Fabricación de material de transporte	9
Industrias manufactureiras diversas	9

Fonte: central de balances. IGE

Sendo as empresas dedicadas á industria dedicada a fabricación de produtos metálicas, así como a doutros produtos minerais non metálicos as que teñen un maior peso, contando con 36 entidades cada unha. As industria madeireira e da cortiza tamén teñen a súa importancia dentro do sector industrial, contando con 21 empresas.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión reducida posto que o 58,49% delas teñen menos de 9 empregados, podendo cualificarse como microempresas. As pequenas empresas (de 10 a 49 empregados) comportan o 24,72% do empresariado do sector, mentres que as medianas empresas (de 50 a 249 empregados) representan o 14,04%. Por último, no tramo de grandes empresas (máis de 249 empregados) hai 5 entidades.

En canto á forma xurídica, a máis empregada polo empresariado deste sector foi a de sociedade limitada, que supuña o 49,44% do total, seguida das sociedades anónimas co 25,84%. Mentres que os



autónomos representaban o 20,78%. Ademais había 1 sociedade cooperativa e 6 sociedades personalistas (comunidades de bens e outros).

Construción

O sector da construción do concello do Porriño está composto por 157 empresas, que aglutinan ao 11,67% dos ocupados do concello e supoñen o 12,29% do censo empresarial. Ao igual que a industria, este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas, en emprego o crecemento foi do 32,11% no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 18,55 % entre o ano 1999 e o 2003.

Actividade	Nº de empresas
Preparación de obras	6
Construción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil	60
Instalacións de edificios e obras	56
Acabado de edificios e obras	35

Fonte: central de balances. IGE


As empresas do Porriño que integran este sector dedícanse maioritariamente a construción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil e a instalación de edificios e obras, tendo un tamaño bastante reducido, posto que o 84,08% non contrata máis de 9 empregados, o 12,99% non pasa dos 50 empregados e só hai dúas empresas no tramo de 50 a 99 empregados.

En canto á forma xurídica, a de sociedade limitada e a de autónomos son as máis escollidas, co 57,96% e o 38,22% dos casos. Tamén existen 2 sociedades anónimas e outras 4 catalogadas como outras (comunidades de bens, sociedades personalistas, etc.)

C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalaría, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).





Fonte: central de balances. IGE

Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 o do comercio polo miúdo con 305, seguido de outros servizos (seguros, intermediación financeira, etc.) con 226, do transporte con 127, da hostalaría con 118 e do comercio polo xunto con 116.

En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 47,11% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. Ademais, durante o período o sector estivo a medrar en volume de emprego, sendo a cifra do 2001 un 37,99% maior que a do 1996.

Ao analizar a evolución do sector en número de empresas, pódese ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas experimentou un aumento, posto que pasou de 768 a 892 empresas, o que supón unha medra do 16,15%. Dentro do sector as subas producíronse en todos os sectores, sento estas: na hostalaría (+9), no comercio polo miúdo (+7), no comercio polo xunto (+43), nos transportes (+9) e nos outros servizos (+56).

En canto ao tamaño das empresas do sector, pódese dicir que a maioría das empresas do sector son microempresas posto que o 92,60% non pasa dos 9 asalariados, o 6,61% está no intervalo de 10 a 49 asalariados e só hai 7 empresas con máis de 50 empregados. Isto que configura un panorama onde o autoemprego é a tónica dominante, posto que a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 500 empresas, o que representa o 56,06% do total, mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma máis elixida, representaban o 34,75%. Pero tamén había, 41 empresas catalogadas como outras, 36 sociedades autónomas e 5 cooperativas.

Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 118 empresas, o que supón o 13,22% do censo de empresas de servizos do concello.



Ademais a hostalaría estivo crescendo en número de empresas durante o período 1999-2003, pasando de 109 a 118, o que supuxo unha medra do 8,26%.

As empresas do Porriño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Hoteis	4
Cámping e outros tipos de hospedaxe de curta duración	2
Restaurantes	24
Establecementos de bebidas	87
Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas	1

Fonte: central de balances. IGE

O tamaño que adoitan ter estas empresas é reducido posto que o 97,46% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 70,34% das mesmas están en mans de empresarios autónomos.

Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

O subsector ocupa o primeiro lugar en número de empresas dentro do sector servizos, con 305, e ademais no período 1999-2003 estivo incrementando o número de empresas, pasando de 298 a 305, o que supuxo unha suba do 2,35%.

As empresas do Porriño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Venda de vehículos de motor	13
Mantemento e reparación de vehículos de motor	28
Venda de repostos e accesorios de vehículos de motor	7
Venda polo miúdo de carburantes para a automoción	2
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	41
Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	49
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	8
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	112
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	44
Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 94,43% das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasan dos 9 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 69,18% teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.

Comercio polo xunto

O subsector do comercio polo xunto engloba as actividades de intermediarios do comercio, comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, comercio polo xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios, comercio polo xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo, comercio polo xunto de maquinaria e equipo e outro comercio polo xunto.

O subsector ocupa o último lugar en número de empresas e durante o período 1999-2003 estivo crescendo en número empresas, pasando de 73 a 116, o que supuxo un aumento do 58,90%.

As empresas do Porriño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Intermediarios do comercio	14
Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	8
Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	14
Comercio por xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios	27
Comercio por xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo	35
Comercio por xunto de maquinaria e equipo	6
Outro comercio por xunto	12

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 83,62% poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasa dos 9 asalariados. Tamén existen 18 empresas no tramo de 10 a 49 traballadores, o que representa o 15,52% do empresariado do subsector. Ademais a forma xurídica máis elixida é a de sociedades limitadas (70,69%), seguida dos autónomos (18,10%).

Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas aos transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións.

Este subsector conta con 127 empresas e mantivo unha senda ascendente no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que pasou de 118 a 127 empresas, o que supuxo un aumento do 7,56%.

As empresas do Porriño que compoñen este subsector no ano 2002 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	117
Transporte aéreo discrecional	1
Manipulación e depósito de mercadorías	2
Outras actividades anexas aos transportes	1
Organización do transporte de mercadorías	4
Actividades postais e de correo	2

Fonte: central de balances. IGE

A maior parte das entidades que están dentro doutros transportes refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camiós ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non adoitan contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego. Non obstante tamén hai outro tipo de formas xurídicas no sector, como sociedades limitadas (33,86%), sociedades anónimas (4,72%), cooperativas (1,57%) e sociedades personalistas (0,78%).

Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector ocupa o segundo lugar dentro do sector servizos e durante o período 1999-2003 experimentou un importante crecemento, pasando de 170 a 226 empresas, o que supuxo unha medra do 32,94%.

As empresas do Porriño que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Actividades auxiliares da intermediación financeira	15
Actividades inmobiliarias	32
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	6
Actividades informáticas	5
Investigación e desenvolvemento	4
Outras actividades empresariais	82
Educación	15
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	13
Actividades de saneamento público	1
Actividades asociativas	2
Actividades recreativas, culturais e deportivas	21
Actividades diversas de servizos persoais	30

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que o 93,36% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Do resto, o 4,87% está no estrato de 10 a 49 empregados e só hai 4 empresas que pasen dos 50 empregados. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 48,67% son autónomos, o 37,17% son sociedades limitadas e o 9,73% están clasificadas como outra forma xurídica (comunidade de bens, sociedade colectiva, etc.). Tamén hai 9 sociedades autónomas e 1 cooperativa.

9 TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Porriño, en xaneiro de 2006, o concello contaba con 44 asociacións inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son “asociacións culturais”, cun total de 10. Seguen as asociación da categoría “outras”, que son 9. Rexístranse ademais, 8 asociacións dentro da categoría “Emprego, economía e empresa”, 7 “Comunidades de montes”, 6 “Asociacións de veciños”, 2 “Asistenciais”. E xa por último, rexistráronse 1 de “Consumidores e amas de casa” e 1 de “Discapacidade”.



Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Porriño
Ano 2006

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Culturais	10
Outras	9
Emprego, economía, empresa	8
Veciños	6
Asistenciais	2
Consumidores, amas de casa	1
Discapacidade	1
TOTAL	44

Fonte: Concello do Porriño



10 DAFO XERAL DO PORRIÑO

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Dispersión da poboación • Monocultivo forestal de especies traídas de fóra (eucalipto e piñeiro) en detrimento das autóctonas, o que xera un aproveitamento pouco sostible dos recursos naturais • Existencia de poucos espazos naturais protexidos • Deterioro da natureza pola presión exercida polas actividades industriais • Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais • Falta de sensibilización da poboación local para a conservación dos bens naturais e patrimoniais do concello • Escasa sensibilidade do organismo municipal ante determinadas actuacións contra o medio ambiente • Insuficiencia dos equipamentos existentes e dos servizos sociais para a poboación moza e maior • Sector turístico pouco desenvolvido: pouca oferta hoteleira e hostaleira, escaso aproveitamento dos recursos, e baixa profesionalización • Deterioro da paisaxe debido ao desenvolvemento de actividades económicas de xeito intensivo • Escaseza de servizos públicos que atendan as necesidades da poboación local e específicos para a poboación inmigrante e emigrante retornada • Avellentamento continuo da poboación e caída da natalidade • Ascenso do número de persoas que emigran fóra do concello, sobre todo cara outras zonas da provincia • Baixo nivel formativo da poboación en xeral, con maior incidencia no colectivo feminino • Altas taxas de analfabetismo que afectan sobre todo á poboación feminina • Existencia dun importante número de vivendas baleiras • Escaso número de vivendas en alugueiro • A poboación local identifica como principais problemas a falta de limpeza nas rúas, a escaseza de zonas verdes, os ruídos exteriores e a contaminación • Excesiva dependencia do sector servizos e da construción • Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego feminino 	<ul style="list-style-type: none"> • A Presión demográfica que exerce a cidade de Vigo e a súa área metropolitana máis próxima • Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios • Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias • Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural • Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural • Maior competitividade no sector turístico que trae aparelado un aumento das exixencias por parte dos visitantes en temas de aloxamento, restauración e servizos públicos e de ocio e lecer • Descoordinación entre administracións competentes en materia de turismo (Xunta-Deputación-Concello) • Falta dunha visión de Mancomunidade que leve a desenvolver actuacións conxuntas entre os diferentes concellos en temas relacionados co transporte, turismo, ordenación do territorio, oferta de servizos, etc.



<ul style="list-style-type: none"> • Escasas oportunidades de emprego para as mulleres que se ven relegadas a traballos precarios e de baixa remuneración no sector servizos • Baixa cualificación da man de obra • Baixo nivel de renda dos residentes • Avellentamento e abandono das actividades agrogandeiras sen que haxa relevo xeracional que determina unha baixa ocupación no sector • Pouca implantación do traballo cooperativo • Falta de profesionalización na xestión das comunidades de montes • Empresariado de tamaño reducido • Escaseza de persoal estable dedicado a labores de orientación laboral, promoción do emprego e desenvolvemento local 	
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Zona próxima a Portugal e con boas comunicacións • Relevo do terreno que favorece o asentamento de poboación • Existencia de solos graníticos que constitúen unha fonte importante de recursos • Situación xeográfica estratéxica que o converte nun importante nodo de comunicacións, tanto por estrada como por ferrocarril, a camiño entre Vigo, Portugal, Ourense e a Meseta • Existencia de espazos naturais nos que aínda perdura a vexetación autóctona, como son as Gándaras de Budiño e as marxes do río Louro • Existencia de espazos naturais protexidos como son as Gándaras de Budiño e as Penas de San Cibrán • Importante rede hidrográfica cunha boa calidade das augas así como un rico valor ecolóxico, natural e etnográfico • Existencia dunha intensa rede de camiños e pistas de monte desaproveitadas para uso de actividades de contacto coa natureza • Existencia de recursos patrimoniais ben conservados e de especial interese cultural e arqueolóxico (pazos, casas reitorais, muíños, pontes, igrexas, castros, etc.) • O concello forma parte do Camiño a Santiago Portugués. • Existencia de vivendas tradicionais no casco urbano 	<ul style="list-style-type: none"> • Integración na futura Área Metropolitana de Vigo • Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais con recursos etnográficos e patrimoniais de interese • Existencia de Leis para garantir, conservar e velar pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural • Cambio na orientación das políticas desenvolvidas na Administración Autónoma primando as relacionadas co desenvolvemento rural sostible • Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Existencia de políticas autonómicas de conciliación da vida familiar e laboral • Existencia de políticas autonómicas que promoven a revitalización de zonas comerciais urbanas • Existencia de políticas autonómicas de promoción do traballo cooperativo • Existencia de políticas autonómicas que promoven a recuperación de bens inmobles en conxuntos históricos



- Importancia do legado patrimonial do arquitecto Antonio Palacios
- Existencia dun museo das actividades mineiras
- Paso polo concello de rutas de sendeirismo próximas a recursos naturais e patrimoniais
- Concentración dos recursos turísticos na parroquia do Porriño
- Importante oferta gastronómica (cordeiro, coello, cocido, callos,...)
- Desenvolvemento de festas populares e de degustación dos produtos locais
- Proximidade a zonas de importante atracción turística
- Aumento da poboación debido a uns saldos vexetativo e migratorio positivos
- O concello é perceptor neto de poboación que ven doutos puntos da provincia
- Aumento da poboación inmigrante
- A idade media da poboación é máis baixa que a media galega e provincial
- Taxas de actividade e ocupación por riba das do contorno e que estiveron a medrar nos últimos anos
- Existencia dun importante número de empresas
- Existencia de dous polígonos industriais que concentran a un importante número de empresas
- A minaría (canteiras de granito) constitúe unha importante fonte de emprego e ingresos
- Importancia da superficie dedicada a usos forestal que está a ser explotada por empresas da zona
- A capital do concello constitúe un importante núcleo comercial para o Val da Louriña (Mos, O Porriño e Salceda de Caselas)
- Importante número de asociacións, sobre todo culturais e deportivas
- Sensación de seguridade e tranquilidade por parte da poboación local
- Existencia de programas de desenvolvemento rural PRODER II
- Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller



11 PROPOSTAS E ACTUACIÓNS

1. Realización de estudos para a promoción de inversións en mellora e ampliación das infraestruturas viarias e ferroviarias que pasan polo concello, tendo en conta e minimizando, na medida do posible, o impacto ambiental que puideran xerar
2. Planificación, a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes, para un aproveitamento sustentable dos recursos forestais, á rexeneración das áreas degradadas polos incendios forestais e a actuación humana, á repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas de especial interese natural
3. Recuperación e mellora da vexetación das ribeiras do río Louro e das Gándaras de Budiño, así como a súa promoción para aumentar a súa protección ambiental de cara a convertelas en zonas de protección especial
4. Realización dun estudo sobre os espazos naturais degradados polas actividades industriais de cara a promover medidas de recuperación ambiental
5. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos propios
6. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural
7. Acondicionamento de zonas nos río Louro para zonas de baño e áreas recreativas
8. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos
9. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
10. Promoción do turismo industrial como unha modalidade alternativa ao turismo tradicional, e dinamizadora da economía, mediante a organización de visitas a empresas consideradas de interese, ben polo produto que realizan ou polo seu proceso produtivo, así como da recuperación de vellas fábricas ou minas coa maquinaria que se usaba na época
11. Promoción da creación dun itinerario turístico que recorra os diversos emprazamentos da obra arquitectónica de Antonio Palacios, así como a creación dun museo dedicado á súa vida e obra
12. Estudo da posibilidade de declarar unha parte do núcleo do Porriño como casco histórico de cara a promover a súa recuperación e a realización de accións de rehabilitación das casas nel emprazadas



13. Promoción das festas gastronómicas de degustación dos produtos locais cunha maior implicación do sector hostaleiro, tanto na planificación como no desenvolvemento das mesmas
14. Realización de accións formativas dirixidas ao empresariado e traballadores do sector hostaleiro que posibiliten unha maior profesionalización
15. Estudo de necesidades para a implantación de servizos sociais para a infancia, poboación maior, poboación inmigrante, emigrantes retornados, etc.
16. Creación ou acondicionamento de espazos verdes próximos ou integrados no núcleo urbano do Porriño que posibiliten a súa humanización e melloren as súas condicións medioambientais
17. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico e próximas a algún tipo de recurso para o deseño de produtos turísticos e creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
18. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
19. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
20. Análise das necesidades e das carencias de formación na man de obra en relación coas demandas do empresariado local para o desenvolvemento de accións formativas en cooperación coas asociacións empresariais e sindicais
21. Incentivar ás empresas cara unha maior estabilidade no emprego mediante a difusión das medidas de promoción de emprego estable
22. Aproveitamento das accións do proxecto Conta con elas e das axudas autonómicas para promover unha maior integración da muller ao mercado de traballo
23. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento sostible dos recursos forestais, procurando diversificar os seus usos (produtivo, recreativo e medio ambiental)
24. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
25. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado de traballo a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo



26. Promover a cooperación empresarial a través da realización de accións conxuntas (formación, negociacións con provedores, promoción comercial, etc.) coas asociacións existentes no territorio
27. Aproveitamento das axudas para o fomento do cooperativismo, realizando accións de divulgación (charlas, xornadas, etc.) e de promoción co obxectivo de conseguir unha mellor inserción laboral
28. Realización dun estudo medioambiental do sector do granito de cara a promover accións que fomenten a reutilización dos produtos residuais que se xeran no sector, así como unha explotación dos recursos máis racional e menos agresiva co medio natural
29. Realización de accións de vertebración do comercio urbano a través da realización dun diagnóstico da situación e necesidades do sector, así como de actuacións nas rúas ou zonas comerciais que supoñan unha mellora na súa accesibilidade e sinalización
30. Promoción do concello como sitio estratéxico para o establecemento de empresas foráneas que xeren emprego e que axuden ao desenvolvemento do empresariado local
31. Promoción da realización de accións formativas dirixidas cara aos comerciantes, así como a creación e o establecemento dun selo distintivo de calidade
32. Creación dunha axencia de desenvolvemento local que conte con traballadores cualificados en diversas ramas (orientación laboral, creación de empresas, promoción económica, etc.) e que funcione de forma estable e a longo prazo
33. Posta en marcha de foros de participación cidadán nos que constitúan unha canle de comunicación entre a cidadanía e os poderes políticos de cara a recoller as inxerencias e propostas da poboación e que poidan aportar solucións ás problemáticas veciñais

